

PROXECTO
EDUCATIVO
DE CENTRO

PAI DE TORDOIA

CURSO 2018/2019

ÍNDICE XERAL

1. ANÁLISE DE CONTEXTO

1.1. DATOS IDENTIFICATIVOS	6
1.2. TIPOLOXÍA ESCOLAR.....	6
1.3. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS.....	7
1.3.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA	
1.3.2. ANÁLISE SOCIO-ECONÓMICA	
1.3.3. RECURSOS DO CONTORNO	
1.3.4. ESTRUTURA DO CENTRO	
1.3.5. RECURSOS MATERIAIS DO CENTRO	
1.3.6. AS FAMILIAS	
1.3.7. OS NENOS E NENAS	
1.3.8. O EQUIPO EDUCATIVO	

2. SIGNOS DE IDENTIDADE

2.1. INTRODUCCIÓN	11
2.2. PRINCIPIOS BÁSICOS DA TAREFA EDUCATIVA	12
2.3. VALORES	13
2.3.1. EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE AMBOS SEXOS	
2.3.2. EDUCACIÓN AMBIENTAL	
2.3.3. EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR	
2.3.4. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	
2.3.5. EDUCACIÓN MORAL E PARA A PAZ	

2.4. OBXECTIVOS DO CENTRO..... 19

2.4.1. XERAIS

2.4.2. ESPECÍFICOS

2.4.2.1. NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

2.4.2.2. EN RELACIÓN Ó PROFESORADO

2.4.2.3. EN RELACIÓN CO PROCESO ENSINANZA-APRENDIZAXE

2.4.2.4. NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

2.4.2.5. NO ÁMBITO DA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

2.5. LINGUA EMPREGADA..... 22

3. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E XESTIÓN

3.1. ORGANIGRAMA..... 23

3.1.1. A DIRECTORA

3.1.2. COMISIÓN DE VALORACIÓN, COORDINACIÓN E CONTROL

3.1.3. PERSOAL DO PAI

3.1.3.1. PERSOAL DE ATENCIÓN

3.1.3.2. PERSOAL DE APOIO

3.2. REGULAMENTO RÉXIME INTERNO..... 26

3.2.1. O PERSOAL DO PAI

3.2.1.1. DEREITOS DO PERSOAL DO PAI

3.2.1.2. OBRIGAS DO PERSOAL DO PAI

3.2.2. PERSOAS USUARIAS

3.2.2.1. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

3.2.3. OS PAIS E NAIS E TITORES LEGAIS

3.2.3.1. DEREITOS

3.2.3.2. OBRIGAS

3.2.3.3. RELACIÓNS DAS FAMILIAS CO PAI

3.3. PROPOSTA EDUCATIVA..... 29

3.3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA PROPOSTA EDUCATIVA

3.3.2. ÁREAS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA

3.3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA CADA ÁREA DE INTERVENCIÓN

3.3.3.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

3.3.3.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO

3.3.3.3. COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

3.4. METODOLOXÍA E FUNCIONAMENTO 32

3.4.1. PRINCIPIOS XERAIS DA METODOLOXÍA

3.4.2. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

3.4.2.1. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

3.4.3. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

3.4.4. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO TEMPO

3.4.4.1. DISTRIBUCIÓN DA XORNADA ESCOLAR

3.4.5. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

3.4.6. RECURSOS MATERIAIS

3.4.6.1. ORGANIZACIÓN DOS MATERIAIS

3.4.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

3.4.7.1. TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.4.7.2. DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.4.8. CANLES DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

3.4.8.1. CANLES DE COMUNICACIÓN

3.4.8.2. COLABORACIÓN ESPORÁDICA DAS FAMILIAS

3.4.9. RUTINAS ESPECIFICAS DOS NENOS/AS DE 0 A 3 ANOS

3.4.9.1. CAMBIOS

3.4.9.2. CONTROL DE ESFÍNTERES

3.4.9.3. ALIMENTACIÓN

3.4.9.4. SONO

3.4.10. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

3.5. NORMAS XERAIS 68

3.5.1. NORMAS DE SAÚDE

3.5.1.1. ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS

3.5.2. HIXIENE PERSOAL

3.5.3. ALIMENTACIÓN

3.5.3.1. AS MERENDAS

3.5.3.2. A CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS

3.5.4. ROUPA E COMPLEMENTOS

3.5.5. HORARIOS

3.5.5.1. HORARIOS DOS NENOS/AS

3.5.5.2. DO PERSOAL DO PAI

4. REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO PEC

5. ANEXOS

- **ANEXO 1**: IMPRESO DE MATRICULA
- **ANEXO 2**: FICHA ENTREVISTA INICIAL
- **ANEXO 3**: FICHA OBSERVACIÓN PERÍODO DE ADAPTACIÓN
- **ANEXO 4** : FICHA AVALIACIÓN FINAL

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- **DEFINICIÓN DO CENTRO:** Punto de Atención a Infancia (PAI) de Tordoia.
- **ENTIDADE TITULAR:** Concello de Tordoia (Rúa Xesteira Nº 17- 15683 Tordoia).
- **ENDEREZO:** Rúa do Emigrante Nº 11- Cabaleiros- 15683, Tordoia.
- **TELÉFONO:** 981 69 03 50.
- **REPRESENTANTE LEGAL:** O alcalde do concello de Tordoia.
- **TIPO DE XESTIÓN:** Directa.

1.2. TIPOLOXÍA ESCOLAR

O centro do Punto de Atención á Infancia (PAI) do concello de Tordoia configúrase como un establecemento diúrno (aberto de 7.30 a 15.00 horas) de titularidade municipal que depende da área de Servizos Sociais; de carácter social e educativo, dirixido, de xeito prioritario, á poboación infantil de entre 3 meses e 3 anos de idade. A capacidade máxima do centro son de 20 menores.

- **TITULARIDADE:** Municipal.
- **NIVEIS EDUCATIVOS:** Os niveis educativos que escolariza son nenos e nenas de tres meses ata os tres anos, 1º ciclo de Educación Infantil.
- **NÚMERO DE UNIDADES:** O centro conta con unha unidade.
- **NÚMERO DE PRAZAS:** O Centro conta con unha capacidade máxima de 20 prazas.
- **HORARIO:** O PAI permanecerá aberto os 12 meses do ano, salvo sábados, domingos e días festivos de ámbito nacional, autonómico e local, de 7.30 a 15.00 horas. Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do PAI.

1.3. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS

1.3.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O centro encontrase no concello de Tordoia, situado aproximadamente, no centro da provincia de A Coruña e pertencente a Comarca de Ordes. Limita cos concellos de : ó Norte, cos concellos de Carballo e Cerceda, ó sur có concello de Trazo, ó suroeste có de Val do Dubra, ó sureste con Oroso, ó este con Coristanco e Santa Comba e ó Oeste có concello de Ordes. As vilas mais próximas son Carballo a 23 km de distancia, Santiago de Compostela a 27 km e a Coruña a 55 km.

O concello de Tordoia ten unha extensión aproximada de 125 km cadrados repartidos en 10 parroquias; San Mamede de Andoio, Santa Mariña de Anxeriz, Santa María de Bardaos, San Xulián de Cabaleiros (onde está a capital, Pontepedra), Santa María de Castenda, Santaia de Gorgullos, San Cristovo de Leobalde, Santiago de Numide, San Xoán de Tordoia e San Ciprián de Viladabade.

Concretamente o centro situase dentro da parroquia de Cabaleiros, no núcleo de Pontepedra (a capital) , en unha parcela . Neste núcleo concéntranse a maioría dos servizos do concello: colexio, concello, centro de saúde, ximnasio, pavillón deportivo, piscina...

1.3.2. ANÁLISE SOCIO- ECONÓMICA

O concello de Tordoia está situado no medio rural, o número de habitantes deste Concello ascende a 3817, nunha superficie de 125 quilómetros cadrados. Existen un total de 261 persoas paradas (dos cales 147 son homes e 114 son mulleres), 1294 persoas en situación de afiliación en alta laboral (660 son homes e 634 son mulleres). A poboación comprendida entre os 0 e os 15 anos é de 229 habitantes, entre 16 e 64 anos é de 2235 habitantes e de máis de 65 anos é de 1353. A idade media da poboación é de 53 anos. A taxa bruta de natalidade é de 4.2, a de mortalidade de 15.5.

1.3.3. RECURSOS DO CONTORNO

No concello de Tordoia cóntase cos seguintes tipos de recursos:

● EDUCATIVOS:

- C.P.I. Pecalama de Tordoia
- Escolas unitarias

● SOCIO- CULTURALS:

- Servizos sociais municipais
- Biblioteca municipal

● **SANITARIOS**

- Centro de saúde.

● **DEPORTIVOS**

- Campos de fútbol municipais
- Pavillón polideportivo municipal
- Piscina municipal
- Ximnasio municipal

● **URBANOS**

- Policía local

1.3.4. ESTRUCTURA DO CENTRO

O PAI dispónse en un único edificio dunha planta que alberga tódalas dependencias sen que exista ningún desnivel no seu interior, cunha superficie útil de 133,78 m² e construída de 142,25 m². A planta do PAI artículase en:

- Espazos común: acesos (11,51 m²), zona de xogos e gaseo (46,80 m²), zona de descanso (11,65 m²), aseos novos (10,85 m²), zona de hixiene (4,50 m²), vestíbulos (9,25 m²) e cortaventos (6,65 m²).
- Espazos administrativos: dirección e recepción (11,15 m²).
- Locais de servizos: cociña (6,95 m²), aseos adultos (7,85 m²)

Volumétricamente o PAI desenvólvese de tal maneira que a imaxe do conxunto é a dunha edificación compacta.

1.3.5. RECURSOS MATERIAIS DO CENTRO

Os recursos materiais cos que conta o centro, distribuídos por zonas, son:

- **Zona de descanso:** berces, tumbonas, hamacas, sábanas para berces, sábanas saco para as tumbonas e edredóns.
- **Zona de cociña:** quenta biberóns, quenta potitos, microondas, neveira, termos, vasos, pratos, babeiros, fregadeiro, armarios para almacenaxe, pizarra, papeleiras e tronas.
- **Zona de hixiene:** superficie para cambios, cambiador, papeleira para cueiros.
- **Zona baño nenos/as:** inodoros tamaño pequeno, lavados de mans, papeleira, toalleiro, casilleiro para gardar materiais.
- **Aseo adultos:** inodoro, pileta, ducha, botiquín, papeleira.
- **Accesos:** percheros, paragueiro, zapateiro, tablón de anuncios, alfombra e armarios.
- **Zona administrativa:** material de oficina.
- **Zona de xogos e gateo:** espello con barra, alfombra, módulos de goma espuma, bambán, asentos bebes, pizarra, mobles con bandexas para gardar cousas, caixas de almacenaxe, cubo de almacenaxe, mesas, cadeiras, sofá, axóuxeres de distintos tipos, maracas, mordedores, monecos e obxectos para chupar, xoguetes que fan ruído o premelos, pelotas de distintos tamaños e texturas, xogos encaixables, xogos para apilar, pezas para facer torres, puzzles, dominós, cociña e utensilios, trens de madeira, xogos de bolas, xogos de formas e figuras xeométricas, equipo de música, pinturas, ceras, pinturas de dedos, rotuladores, plastilina.

1.3.6. AS FAMILIAS

O número de familias que formalizou a matrícula para o curso 2018/2019 no PAI de Tordoia foron 17, das cales a maioría residen no propio concello. En case todas as familias un dos proxenitores, ou os dous son naturais do concello.

As familias están formadas, na maioría dos casos, por pai e nai e un fillo ou dous. Os pais e nais traballan na maioría dos casos fora do concello. Hai un grupo grande de familias nas que un dos proxenitores ou ambos son autónomos.

1.3.7. OS NENOS E NENAS

A capacidade máxima do centro son 20 menores. Resérvase previa valoración do departamento de Servizos Sociais o número de prazas mínimas e máximas de emerxencia social.

Poderanse integrar nenos e nenas con eivas físicas, psíquicas ou sensoriais, en función das disponibilidades dos recursos humanos e materiais adecuados.

Poderán solicitar unha praza no PAI os nenos/as con idades comprendidas entre os tres meses e os tres anos. A idade mínima de novo ingreso establececese nos tres meses na data de ingreso, agás aquelas situacións que deberán estar acompañadas dos informes dos Servizos Sociais comunitarios municipais. A idade máxima será de tres anos e poderán permanecer no PAI aqueles menores que non teñan cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano que se presenta a solicitude.

Os grupos por anos de nacementos dos matriculados no PAI para este curso son:

- Nados no ano 2016: 13 nenos/as.
- Nados no ano 2017: 4 nenos/as
- Nados no ano 2018: 1 nenos/as.

1.3.8. O EQUIPO EDUCATIVO

O equipo educativo estará formado por dúas persoas: unha persoa destinada a persoal de atención e a outra a persoal de apoio.

O **persoal de atención** debera estar como mínimo en posesión dalgunha das titulacións seguintes:

- licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- técnico superior en educación infantil ou equivalente.

O **persoal de apoio**, ademais das titulacións anteriores poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- técnico en atención socio sanitaria.
- técnico superior en animación sociocultural.
- técnico en cuidados auxiliares de enfermería.
- diplomado/a en puericultura recoñecido pola consellería de sanidade ou algún dos cursos de especialización na materia, que cun mínimo de 300 horas recoñeza o órgano competente na autorización do centro.

2. SIGNOS DE IDENTIDADE

A
relación
adulto

coidador/veno/a será como máximo de 1/20: en todo caso sempre debe contar cunha persoa auxiliar a maiores do persoal que atenda ao grupo.

O procedemento para a substitución e imprevistos do persoal realizarase mediante chamamento pola lista de agarda confeccionada no procedemento selectivo.

2.1. INTRODUCCIÓN

Entendemos o período de 0 a 3 anos como unha etapa integrada, con características propias importantes, por isto crearemos un PAI que cubra as necesidades do neno/a, facilitando o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dos nenos/as respectando a súa individualidade.

A escolarización realizarase durante un período de adaptación axeitado, no que será parte integrante e fundamental a implicación dos pais e nais.

Educaremos o neno/a organizando espazos, materiais, e actividades en estreita relación coa familia para contribuír ao desenvolvemento san, equilibrado, e sen desaxustes; para que vaia adquirindo progresivamente unha autonomía, a formación do pensamento, a estabilidade emocional, e ampliación das súas relacións sociais.

Introduciremos obxectos materiais que poñan ao neno/a ante situacións abertas, con equipamentos esbozados pero non totalmente acabados, desenvolvendo así a:

- Creatividade.
- Toma de decisións.
- Seguridade e autonomía.

O proceso de aprendizaxe partirá dunha metódica e continua observación do neno/a, que nos permitirá a través da súa actividade espontánea xerar novas actitudes nas que afondaremos.

Programaremos obxectivos e actividades con enorme flexibilidade, respectando o ritmo e as circunstancias do grupo, e de cada neno/a en particular.

Dende o PAI intentaremos contribuír a compensar carencias tanto sociais como culturais, sen que exista ningún tipo de discriminación por sexo, raza, clase social ou relixión.

Traballaremos a coeducación dunha maneira aberta e liberadora, desmitificando os roles sexuais que veñen dados pola sociedade.

Crearemos ámbitos e medios de acordo coas necesidades especiais de cada etapa de desenvolvemento, estimulando o seu crecemento, a súa capacidade intuitiva e a súa imaxinación.

Educaremos para a paz, creando un ambiente de colaboración e respecto, presentando actividades e xogos cooperativos, onde o neno/a se somerxa nun proceso continuo de actuar, sentir, experimentar e compartir, potenciando a aparición da cooperación.

Promoveremos situacións de convivencia directamente co medio natural e social que nos rodea, a través da observación e a exploración, creando unha relación de harmonía e respecto cara ese medio, e en especial, cara a natureza.

Cremos tamén que o entusiasmo e convencemento da educadora no que fai, repercute claramente no rendemento do seu labor educativo, pois contaxia e transmite este entusiasmo aos nenos/as, provocando un ambiente máis produtivo.

Para levar a cabo estes principios traballaremos en equipo buscando o consenso e a reflexión nas tomas de decisións grupais e en constante investigación e renovación pedagóxica.

2.2. PRINCIPIOS BÁSICOS DA NOSA TAREFA EDUCATIVA

- **CONFESIONALIDADE:** o PAI será aconfesional e ideoloxicamente pluralista, en especial nas súas vertentes política e relixiosa. Respetaranse todas as ideoloxías e crenzas e intentarase dar ao neno/a as información o máis obxectivas posibles para que progresivamente se vaia iniciando na formación dos seus propios criterios.
- **LINGUA:** O persoal do PAI usará a lingua materna predominante entre o alumnado, terase en conta a lingua do contorno e coidarase que o alumnado adquiera de forma oral o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios de esta etapa. Atenderase de xeito individualizado a aqueles nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.
- **COEDUCACIÓN- EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE:** No PAI levarase a cabo unha educación para a igualdade, sen discriminación por razóns de sexo e vencedora de mitos e tabús, o que supón unha actitude por parte do persoal educativo tendente a superar condutas que incidan nos roles tradicionais de home e muller, e por outra parte, a utilizar unha metodoloxía didáctica que proporcione os nenos/as imaxes non convencionais de un e outro sexo.

- **PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS:** Fomentárase o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- **LIÑA METODOLÓXICA:** dende o PAI defenderase unha metodoloxía que sexa activa, participativa, lúdica. Flexible, motivadora, significativa, personalizada, fomentadora da autonomía, imaxinativa e intuitiva.
- **ATENCIÓN A DIVERSIDADE:** entenderase a educación como un proceso que abarca os diferentes aspectos que forman a personalidade dos nenos/as considerando tanto a dimensión individual e social. O PAI ten que dar resposta a todos os nenos e nenas, respectando as súas características persoais e integrándoos dentro do grupo.
- **MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL:** Dende o PAI perséguese un modelo que fomente os procesos participativos de información, consulta e toma de decisións, que favoreza o traballo asociativo de pais/nais, profesorado e alumnado, e que fomenten as relacións entre o centro e as administracións locais e educativas, entidades e organizacións diversas.

2.3. VALORES

O equipo educativo de este centro consensou unha serie de valores, para interiorizar nos nenos/as, que son os que van marcar a nosa liña de actuación. O esforzo por conseguir estes valores levaranos a que os nenos/as teñan seguridade en si mesmos e en que se sintan respectados; conseguindo de esta maneira que cada neno/a teña unha autoestima elevada e así poder desenvolverse con naturalidade en todos os contextos. Estes valores son:

- **Solidariedade:** entendida como compartir e entender os sentimentos dos outros en distintas situacións.
- **Respecto:** a individualidade da persoa, as opinión dos outros, aos materiais e o entorno.
- **Convivencia:** entendida como axuda, colaboración e respecto, evitando actos violentos, rechazando dende o centro obxectos e materiais que fomenten e inciten actuacións de violencia, pelexas e agresións.
- **Tolerancia:** entendendo que todos temos os mesmos dereitos e liberdades.

- **Crítica:** Entendida como a capacidade dos nenos/as para criticar as actuacións incorrectas, sen ánimo de ofender e feitas de maneira construtiva.

Esta formación integral será froito do traballo con temas transversais: educación para a igualdade de ambos sexos, educación ambiental, educación para o consumidor, educación para a saúde, educación moral e para a paz...

2.3.1. EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE AMBOS SEXOS

O PAI constitúe o primeiro espazo de socialización alleo ao núcleo de convivencia do neno/a; polo tanto contribúe ao desenvolvemento dos nenos/as nos seus primeiros anos, ofrecendo oportunidades de experiencia e aprendizaxe, e de colaboración coa familia compensando desaxustes de orixe diversa, entre outros, as de orixe sexista.

Os obxectivos a traballar neste ciclo serán:

- Representar e evocar diversos aspectos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos a través do xogo mediante posibilidades simbólicas ou a través de outras formas de expresión e representación.
- Controlar, descubrir e coñecer o seu corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmo, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.

En canto á **autonomía**, nestas idades maniféstase fundamentalmente a través do movemento e a expresión corporal. Neste sentido, é importante conseguir un equilibrio que non limite a autonomía das nenas e nenos por prexuízos. Os contidos que traballaremos nesta área farán referencia a:

- A importancia da expresión dos sentimentos e emocións en ambos sexos.
- A construción do autoconceito e autoestima evitando a asignación de roles, estereotipos, valores e comportamentos sexistas.
- Dende a **área de coñecemento** do contorno traballarase para que non haxa sobreprotección coas nenas con respecto á utilización do medio físico, non constituíndose este como limitador da súa experiencia. O medio social tamén será obxecto de análise favorecendo a revisión dos papeis sociais asignados por razón de sexo e as normas que rexen as relacións sociais e persoais.

Neste sentido, traballarase cos nenos/as a importancia que teñen as tarefas cotiás e domésticas que favorezan actitudes de cooperación entre ambos sexos.

Con respecto á **área linguaxe: comunicación e representación** consideramos que é necesario contribuír a que as nenas aumenten a súa identidade lingüística desde idades temperás e que non reciban mensaxes diferenciais que dificulten o proceso de coñecemento de si mesmas e a súa adecuación ó medio social. A non discriminación entre os sexos será relevante na selección de contos, textos orais e escritos, imaxes,...

Algunhas pautas metodolóxicas a seguir serán:

- Ofreceremos ao neno/a actividades de xogo e xoguetes onde non se transmitan valores sexistas. Por exemplo, están etiquetados como masculino: deportes, construción, mecánica, etc. e débese reforzar ás nenas neste tipo de aprendizaxe; igualmente, reforzaremos nos nenos as aprendizaxes consideradas pola sociedade como femininas (xogos de tarefas domésticas, etc.)
- Que disfruten ambos sexos co canto, baile, danza, dramatización e interpretación musical.
- Utilizar formas de agrupamento para xogos e actividades que rompan a segregación sexual.

2.3.2. EDUCACIÓN AMBIENTAL.

A educación ambiental na etapa de educación infantil ten como obxectivo poñer ao neno/a en relación co medio no que se desenvolve, de tal xeito que a relación que estableza sexa positiva, adquirindo hábitos, actitudes, destrezas e coñecementos de respecto e colaboración de cara a todo o que o rodea. Como obxectivos concretos tratarase:

- Observar e explorar o entorno que o rodea con actitude de curiosidade e respecto.
- Aprender a observar os cambios acontecidos no noso centro.

2.3.3. EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

Os nenos/as pequenos serán os consumidores perfectos desde o punto de vista da sociedade de consumo. A familia xoga aquí un papel moi importante.

Así pois, como obxectivo primordial pretendemos:

- Dotar ao alumno/a e á súa familia de información que lle permita a consolidación de coñecementos e a adopción de actitudes persoais e colectivas fronte ás estratexias e ofertas da sociedade de consumo.

Cos nenos/as traballaremos con actividades como: xogar sen xoguetes baseándose en xogos tradicionais, desenvolver hábitos de aforro de enerxía (cerrar a billa despois de utilizala, apagar a luz ao saír da clase,...)

2.3.4. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Unha boa educación para a saúde pretenderá que os alumnos/as desenvolvan hábitos e costumes sans, que os valoren como un dos aspectos básicos da calidade de vida.

O ambiente familiar resulta decisivo na educación para a saúde, isto require da participación e colaboración cos pais.

Os nosos obxectivos son:

- Fomentar hábitos de limpeza (mans, cara, dentes...)
- Crear hábitos de comida san e variada

Neste apartado imos ter moi en conta a prevención de intoxicacións, de revisar as instalacións do centro, de informar ao neno/a sobre os perigos da rúa e sobre todo a inxesta de medicinas, deterxentes,... na casa, etc. Facemos referencia á prevención de riscos no RRI (Regulamento de Réxime Interior).

Os contidos que traballaremos son os seguintes:

- **Alimentación**
 - Identificación de alimentos polo súa cor, sabor e olor
 - Adquisición de hábitos correctos na mesa
 - Procuraremos que non consuman excesivos doces
 - Potenciar o consumo de alimentos da zona

Utilizaremos contos, adiviñas e trabalinguas relacionados coa alimentación, comentar láminas, diapositivas e películas relacionadas cos doces, empregar os cubertos e adquirir as normas máis elementais de comportamento na mesa.

- **Hixiene**
 - Utensilios de aseo persoal: cepillo, peite...
 - Roupa e calzado: o uso axeitado segundo o lugar e o tempo
 - Hixiene e coidado da pel, cabelo, mans, unllas, pés, oídos, nariz e dentes
 - Tomar conciencia dos riscos de non seguir as medidas de hixiene

Faremos actividades de recoñecemento e coidado do aspecto persoal xogando ante o espello,

disfrazándose, manipulando materiais que manchan, atando os zapatos e limpándoos, peiteándose e peiteando uns a outros e ordenación de viñetas representando distintas accións de hixiene.

2.3.5. EDUCACIÓN MORAL E PARA A PAZ

Teremos en conta que dos 0 a 3 anos teñen gran importancia os aspectos de afectividade e de relación sen esquecer que tamén nestas idades configúranse as bases da personalidade incluídos os esquemas de valores propios, o que ratifica a importancia de comezar a educar os valores morais e de avalialos.

Obxectivos:

- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o seu corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmo
- Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais adquirindo seguridade afectiva e emocional
- Establecer relacións sociais cada vez máis amplas
- Coñecer manifestacións culturais do seu entorno

Os obxectivos fan referencia a catro eixes principais que son: o concepto de si mesmo, a convivencia, o respecto á diversidade e os conflitos.

● **Concepto de si mesmo**

A autoestima do neno/a é en gran parte unha interiorización da estima que se lle ten e da confianza que nel se deposita. As experiencias que vai tendo danlle sensación de dominio e competencia ou de fracaso e incapacidade.

Obxectivos e contidos deste eixe:

- Autoestima, aceptación e confianza en si mesmo
- Responsabilidade e compromiso persoal
- Regulación do propio comportamento

Estes obxectivos e contidos serán traballados da seguinte forma:

- Expresando satisfacción cando ten comportamentos positivos.
- Permitindo que faga as cousas á súa maneira sen ofender aos outros.
- Non ridiculizalo nin avergoñalo.

● **A convivencia**

O PAI favorece a socialización do neno/a; pasa da propia individualidade ao encontro cos demais e para iso necesita da axuda dos adultos que o rodean para coñecer e utilizar as regras que permitan a convivencia.

Obxectivos e contidos:

- Participación en grupo e establecemento de normas.
- Respetto aos demais e aos obxectos de uso común.
- Axuda, colaboración e interese por comunicarse cos iguais e cos adultos.

Estes obxectivos e contidos trabállanse do seguinte xeito:

- Transmitirlles o valor das cousas que usamos e da conservación dos materiais.
- Organización cooperativa do material (tanto para recoller como para manipular), esta situación favorece que os nenos/as aprendan a compartir, a coidar o material que é de todos/as e a sentirse membros dun grupo.
- Apartación de distintos materiais da súa casa para o seu uso no grupo.

● **Respetto á diversidade**

Debemos procurar que os nenos/as alcancen unhas nocións de respecto e tolerancia de si mesmos e dos demais. Pártese da propia experiencia individual do neno/a orientándoo a que coñezan outras situacións menos favorecidas.

Unha forma de traballar a diversidade é mediante o xogo dramático. Representanse situacións de abuso e de tolerancia de cara aos demais. Tamén con contos ou historias que plantexan estas situacións.

● **Conflitos**

As condutas violentas están presentes na vida cotiá do centro. Os propios nenos/as reaccionan violentamente ante certas situacións influídos por modelos adultos ou por mensaxes que reciben a través dos medios de comunicación.

Aprender a resolver estes conflitos de forma pacífica supón potenciar outras formas de expresión e, mediante o diálogo e o intercambio chegar a solucións negociadoras cos demais.

Os obxectivos que se perseguen son:

- Resolver conflitos baseándose na colaboración e o diálogo
- Fomentar o gusto por xoguetes, debuxos animados, películas..., que non conteñan contidos violentos
- Orientar e traballar coas familias de maneira que reflexionen sobre a incidencia da violencia nos xoguetes, televisión, etc.

Como exemplos de actividades imos traballar con xogos cooperativos como: “a cola do asno” nos que dous nenos collidos da man buscarán aos outros e cada vez que atopen, colleráse da man con eles. Isto fomenta unha actividade de cooperación e non hai perdedores nin gañadores estimulando a creación dunha atmosfera participativa, positiva e cooperativa.

Organizaremos charlas coa familia na que se lle transmita información sobre a violencia que rodea ao neno/a: a televisión, os xogos informáticos, os vídeos, etc.

2.4. OBXECTIVOS DO CENTRO

2.4.1. XERAIS

O PAI de Tordoia, sendo consecuente coa análise do entorno sociocultural no que se ubica e cos rasgos de identidade anteriormente sinalados, propónse acadar os seguintes obxectivos xerais de centro:

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nenos e nenas.
- Compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais atendendo á diversidade de aptitudes, expectativas e necesidades dos nenos e nenas e das súas familias.
- Responder ás necesidades das familias na educación e crianza dos seus fillos e fillas co PAI como instrumento para favorecer a conciliación entre a vida familiar. Laboral e persoal.
- Procurar a corresponsabilidade dentro do PAI e as familias na educación e atención dos nenos e nenas, establecendo lugares de encontro entre os dous ámbitos responsables da educación dos nenos e das nenas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Fomentar nos nenos e nenas, e nas súas familias, hábitos de vida saudables.

- Fomentar a igualdade efectiva entre os nenos e nenas promovendo actividades e comportamento que favorezan o exercicio da igualdade de dereitos e oportunidades.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno e nena.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades socieducativas especiais (acomodando as estratexias de ensino ás necesidades dos nenos e nenas, poñendo especial interese nestes nenos, en función do que, razoablemente, permitan os recursos).
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na cultura do seu medio.

2.4.2. ESPECÍFICOS

2.4.2.1. . NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

- Priorizar o desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado.
- Encauzar toda actividade académica do centro de modo que se desenvolva nun clima de convivencia democrática baseada na participación, o pluralismo, a tolerancia, o respecto e a aceptación mutua tal e como quedou definido nos nosos sinais de identidade.
- Favorecer un clima que estimule as realizacións positivas despertando no alumno a confianza e a automotivación.
- Respetar o dereito que teñen os nenos/as a recibir o ensino na súa lingua materna, tomando medidas para promover o segundo idioma.

2.4.2.2. EN RELACIÓN CO PROFESORADO

- Estimular ás docentes para que participen activamente na marcha e funcionamento do centro integrándose nos diversos órganos de xestión establecidos para iso.
- Favorecer ao profesorado con medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Potenciar o traballo en equipo das profesoras a través dos departamentos e os distintos niveis de ciclo.

- Posibilitar a acción investigadora do profesorado coa finalidade de mellorar ou modificar a práctica educativa.
- Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente.

2.4.2.3. EN RELACIÓN CO PROCESO DE ENSEÑANZA- APRENDIZAXE

- Insertar a acción educativa dentro do contexto sociocultural do alumnado e incorporar nas unidades didácticas obxectivos e contidos relacionados co seu entorno.
- Potenciar as aprendizaxes significativas.
- Ensinar a utilizar os coñecementos adquiridos sobre o medio físico e social para resolver problemas na súa experiencia diaria.
- Seleccionar as técnicas máis axeitadas para favorecer a motivación e actividade eficaz dos alumnos/as.
- Organizar o grupo-clase de xeito que se favoreza a aprendizaxe de todos/as.
- Buscar e empregar as técnicas de traballo intelectual máis axeitadas para os alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Facer da avaliación unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral e de cada alumno/a en particular.
- Conseguir que o alumno/a se sinta comprendido e atendido como persoa e como realidade educativa concreta.

2.4.2.4 NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COA FAMILIA

- Propiciar unha comunicación-información entre a familia e os docentes baseada no diálogo, respecto, aceptación e estima mutuos.
- Potenciar as familias como medios de canalizar as inquietudes, problemas e espírito de colaboración na dinámica do centro.

2.4.2.5 NO ÁMBITO DA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Regular os cauces de participación na xestión e funcionamento do centro.
- Distribuír funcións e competencias así como poder conseguir unha xestión participativa.
- Manter relacións de colaboración e apoio con outras institucións tanto educativas como sociais, culturais, etc.
- Xestionar de maneira axeitada e eficaz todos os medios humanos e recursos materiais e económicos do centro.
- Conseguir que todo o persoal docente se sinta útil e satisfeito no desenvolvemento do seu traballo profesional.

2.5. LINGUA

Impartiremos as clases en galego xa que é a lingua materna da meirande parte dos nenos/as. Aínda así coídarase que os nenos/as adquiran o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do ciclo de 0 a 3 anos.

Por outra banda, atenderase de xeito individualizado a aqueles alumnos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

3.ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E XESTIÓN

3.1. ORGANIGRAMA

3.1.1 A DIRECTORA

A Dirección é un órgano unipersoal, responsable do funcionamento do PAI e que depende organicamente do Concello de Tordoia. Foi nomeada polo Concello de Tordoia.

● FUNCIONES:

- Elaborar a programación xeral e a memorial anual.
- Dinamizar a elaboración do proxecto educativo do centro e a proposta pedagóxica en colaboración directa co persoal do PAI e responsabilizarse de presentar os dous documentos perante a comisión de valoración, coordinación e control.
- Dinamizar, coordinar e garantir a elaboración dos documentos do PAI: o proxecto educativo e a súa proposta pedagóxica, a programación xeral anual e a memoria anual, e responsabilizarse de presentar os ditos documentos ante o Concello.
- Organizar e supervisar o traballo do persoal do PAI, garantindo que ás horas de atención aos nenos e nenas e as destinadas a planificación educativa (xuntanzas, encontros, titorías, programación...) se leven a cabo.
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do PAI.
- Convocar e presidir reunión do persoal, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nestas.
- Prestar atención personalizada ós usuarios/as, tanto a través do desempeño da función educativa como directiva.
- Canalizar e coordinar as relacións coas familias estimulando e garantindo a súa participación na vida do PAI.
- Exercer a garda dos/das menores usuarios/as do PAI acorde co previsto na lexislación vixente.
- Supervisar. Coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Comunicar a coordinadora dos servizos sociais comunitarios as incidencias relativas ás necesidades de mantemento do PAI, baixas de persoal, necesidades materiais e calquera outra circunstancia que afecte ó ordinario funcionamento do centro.
- Desenvolver o traballo administrativo que leve o exercicio das súas funcións.
- Cumprir e facer cumprir o marco lexislativo vixente para a infancia, e de xeito específico de ámbito educativo, así como o regulamento de réxime interno do PAI.

- Participar en actividades de formación e promover a formación continua do persoal.
- Representar ao PAI.
- Favorecer a convivencia no centro.
- Buscar o óptimo aproveitamento dos recursos e dos espazos.

3.1.2. COMISIÓN DE VALORACIÓN, COORDINACIÓN E CONTROL

Esta comisión configúrase como órgano de valoración, coordinación e control do PAI de Tordoia.

● COMPOSICIÓN:

- Presidente: O alcalde ou a persoa en quen este delegue.
- Vocal: directora do PAI.
- Secretaria: traballadora social dos servizos sociais comunitarios.

● FUNCÍONS DA COMISIÓN:

- Supervisar o funcionamento do PAI de acordo co estipulado no regulamento e na normativa sectorial aplicable.
- Resolver posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo ou de xestión do centro.
- Aplicar os criterios de admisión de alumnos de acordo coa norma establecida, e interpretar e resolver aqueles casos conflictivos ou dubidosos.
- Co fin de sublimar o carácter de titularidade municipal do PAI, toda a documentación emitida incorporará o membrete do concello de Tordoia.

3.1.3. PERSOAL DO PAI

3.1.3.1. PERSOAL DE ATENCIÓN

O persoal de atención debera estar como mínimo en posesión dalgunha das titulacións seguintes: licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía, mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente, técnico superior en educación infantil ou equivalente.

● FUNCÍONS DO PERSOAL DE ATENCIÓN

- Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do proxecto educativo, da

programación xeral anual e da memoria anual.

- Fixar os criterios para o seguimento e a avaliación destes documentos.
- Realizar funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo no referente ao desenvolvemento das crianzas, á preparación e ao deseño de propostas pedagóxicas, colaboración e coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono das crianzas, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc.
- Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade.
- Prestar especial atención ao período de adaptación.
- Avaliar o funcionamento e a organización do PAI e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a Dirección deste.
- Manter e fomentar as canles de comunicación e información continua familia-centro, en relación aos diversos ámbitos de vivencia da crianza, así como aos referidos ao seu desenvolvemento. Informarán con carácter semestral aos/ás representantes legais da crianza sobre a evolución integral do/a neno/a.
- Facilitar a participación. Colaboración e coordinación das familias nas actividades do PAI.

3.1.3.2. PERSOAL DE APOIO

O persoal de apoio, ademais das titulacións esixidas para o persoal de atención, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: técnico en atención sociosanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermería, diplomado/a en puericultura recoñecido pola consellería de sanidade ou algún dos cursos de especialización na materia, que cun mínimo de 300 horas recoñeza o órgano competente na autorización do centro.

● FUNCÍONS DO PERSOAL DE APOIO:

- Colaborar coas actividades desenvolvidas pola dirección e persoal educativo do centro.
- Participar nas actividades de formación permanente.

- Avaliar o funcionamento e a organización do PAI e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a Dirección deste.

3.2. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

3.2.1 O PERSOAL DO PAI

3.2.1.1. DEREITOS DO PERSOAL DO PAI

- Recibir regularmente información da marcha e do funcionamento do PAI, a través do/a director/a responsable. Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento do PAI e a atención prestada aos menores.
- A que lle sexan proporcionados, dentro das posibilidades do PAI, os recursos e os medios precisos para desenvolver as súas funcións axeitadamente en beneficio dos menores que ten ao seu cargo.
- Desenvolver as súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axusten ao proxecto educativo e á programación anual do centro.

3.2.1.2. OBRIGAS DO PERSOAL DO PAI

- Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o regulamento.
- Velar polo respecto aos dereitos dos e das menores recollidos no regulamento e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.
- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos e das menores e das súas familias aos que teñan acceso en razón das súas funcións.
- Cumprir coas tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.
- O persoal educativo deberá desenvolver o seu labor de acordo co marco lexislativo vixente para o tramo de idade de 3 meses a 3 anos.

3.2.2. PERSOAS USUARIAS

3.2.2.1. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Enténdese por persoa usuaria o neno ou nena matriculada no PAI e os seu pais, nais e titores legais. Os dereitos son:

- Acceso ao PAI e a recibir información sen discriminación, por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Ao sixilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.
- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da escola como das demais persoas usuarias.
- A realizar saídas ao exterior, sempre e cando as/os menores vaian acompañados por unha persoa adulta o PAI responsable, e sempre con autorización escrita por parte dos seus pais/ nais ou representantes legais.
- A intimidade persoal.
- A teren unha atención individualizada coas súas necesidades específicas.
- A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades físicas, afectivas, sociais e intelectuais para axudar ao desenvolvemento integral das capacidades do/a neno/a.
- A recibiren a educación na tolerancia, na igualdade e na convivencia democrática, e a posibilitarlles que poidan facer uso das súas opción de xeito libre e persoal.

3.2.3. OS PAIS E NAIS E TITORES LEGAIS

3.2.3.1. DEREITOS DOS PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS

- A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto deles e a pediren explicación de canto afecte á educación dos seus fillos e/ou fillas.
- A deixar de utilizaren os servizos ou abandonaren o PAI por vontade propia.
- A participar nas actividades previamente planificadas polo persoal docente, tanto relacionadas coas festas tradicionais como de calquera outra índole.

- A ter acceso á documentación interna do PAI: plan de actuación para casos de emerxencia, póliza de responsabilidade civil e de accidentes, proxecto educativo, programación xeral anual, memoria anual, libro de reclamacións e rexistro de usuarios/as e ao expediente individual da súa crianza.
- A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades da escola.

3.2.3.2. OBRIGAS DOS PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS

- Cumprir as normas que estableza o PAI para o seu bo funcionamento recollidas no regulamento.
- Manter e observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Participar na vida do PAI, de acordo co que se dispoña no regulamento.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde ou malestar sexa conveniente que o neno ou nena abandone o PAI.

3.2.3.3. RELACIÓN DOS PAIS E NAIS CÓ PAI

A dirección do PAI fomentará a colaboración dos pais co PAI e as relacións co persoal deste. Os/as pais/nais/representantes legais poderán solicitar unha reunión co titor/a doseu fillo/a ou coa Dirección de conformidade eco horario establecido para tal fin.

En todo caso, a Dirección informará por escrito, ao principio do curso, dos horarios de atención aos pais, nais ou representantes legais dos nenos/as. Porase a disposición da persoa usuaria un libro de reclamacións.

As familias e representantes legais das crianzas terán acceso ás instalacións.

Dende o PAI promoveranse intercambios de información informais.

Adoptaranse sistemas de rexistro de información compartidos a través da axenda, que deberán aportar as familias.

Ao longo do curso planificaranse titorías periódicas. Como mínimo establécense:

- Unha entrevista inicial coas familias dos/as nenos/as matriculados no PAI.
- Dúas titorías anuais: coas familias dos/as nenos/as matriculados no PAI, unha no primeiro cuadrimestre do curso e unha segunda no inicio do último cuadrimestre.
- Dúas reunións xerais, coincidindo co inicio e o remate do curso.

Unha vez finalizado o proceso de matriculación, haberá unha reunión cos pais/nai ou representantes legais das crianzas aceptadas no PAI, e por grupos, para lles ensinar as instalación e para lles explicar todo o que se considere de interese para eles. Daráselle unha listaxe cos materiais que fan falta tanto educativos como hixiénicos.

3.3. PROPOSTA EDUCATIVA

3.3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN EDUCATIVA

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico – matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

3.3.2. ÁREAS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA

3.3.2.1.COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Esta área fai referencia a paulatina construción da identidade, a través do descubrimento do neno/a das súas características e atributos, que lle axudarán a definirse como persoas con entidade propia. Será a través das interaccións que establecen coas persoas adultas e co grupo de iguais, o descubrimento progresivo e control do corpo, así como a constatación das súas posibilidades e limitacións, como van conformando unha imaxe axustada e positiva de si mesmos. Os nenos/as en situación de xogo e na vida cotiá, encontraran numerosas posibilidades de ir adquirindo a súa autonomía persoal.

3.3.2.2.COÑECEMENTO DO CONTORNO

Esta área pretende contribuír os procesos de descubrimento e representación dos elementos físicos e naturais, así como os de descubrimento, vinculación e aceptación do medio social e cultural. Esta área facilitará os nenos/as un acercamento comprensivo o medio no que viven e a súa inserción no mesmo, de maneira reflexiva e participativa.

3.3.2.3.COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Esta área esta dirixida o desenvolvemento da expresión e representación a través do coñecemento e uso de distintas linguaxes e formas de comunicación. A diversidade de linguaxes permite a interacción do neno/a con un mundo culturalmente organizado, facéndoos cada vez máis competentes para comprender e expresar coñecementos e ideas, sentimentos, desexos, necesidades e intereses. As linguaxes son tamén entendidos como instrumentos de autoconstrución, axudan a organización do propio pensamento e permiten a toma de conciencia sobre a propia identidade e sobre o que os rodea.

3.3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE CADA ÁREA DE INTERVENCIÓN

3.3.3.1.COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.
- Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregandoos para o coñecemento do seu mundo circundante.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno.
- Adquirir o control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.
- Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen como individuo singular.
- Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidade comúns do grupo.
- Adquirir autoestimar esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.

- Iniciarse no control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.
- Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos desexos.
- Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.

3.3.3.2.COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar o seu contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.
- Establecer relacións causa – efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.
- Resolver situación problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.
- Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.
- Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas coas que interactúa.
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e períodos de tempo habituais.
- Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando os seres vivos doutros elementos e materiais presentes no seu contorno inmediato.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.
- Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.
- Identificar as funcións dos grupos e das organizacións da comunidade descubriendo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

3.3.3.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes entendéndoas como instrumentos de comunicación entre as persoas, de expresión das ideas e sentimentos de representación da realidade.
- Comprender a intencionalidade comunicativa das persoas, adoptando unha actitude positiva para esa comunicación.

- Empregar a xestualidade e as manifestacións corporais identificándoas como unha forma de comunicación humana.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándoas como ferramentas de relación cos demais.
- Empregar a linguaxe plástica identificándoa como un medio de expresións de sentimentos e desexos e de representación da realidade.
- Sentir o feito musical identificándoo como un medio de expresión e manifestación cultural.
- Empregar creativamente as diferentes linguaxes axustando as técnicas expresivas aos seus intereses e sentimentos.
- Descubrir a escrita identificándoa como representación de ideas, pensamentos e conceptos elaborados pola comunidade.
- Amosar interese pola producións dramáticas valorándoas como unha oportunidade de gozo persoal.

3.4. METODOLOXÍA E FUNCIONAMENTO

3.4.1. PRINCIPIOS XERAIS DA NOSA METODOLOXÍA

Neste apartado pronunciámonos acerca das pautas metodolóxicas que rexerán os procesos de ensinanza e aprendizaxe que se levarán a cabo no PAI.

Deste xeito é preciso aclarar antes que é o que entendemos por metodoloxía. Concibimos a metodoloxía como un conxunto de procedementos e estratexias a seguir para que os nenos e nenas acaden os obxectivos anteriormente definidos asegurando así o seu desenvolvemento integral.

Tamén é certo que dende o PAI non consideramos oportuno decantarnos por un método único para todos os nenos/as posto que debemos atender ás características e variables psicopedagóxicas de cada un deles. Por iso, a cuestión non é cal é o “método” ou modelo a seguir, senón que o que faremos a continuación será pronunciarnos sobre os principios e orientacións didácticas que guiarán en cada momento a selección da metodoloxía máis axeitada ás circunstancias dos nenos/as.

En coherencia co anterior pretendemos facer unha educación:

- **Activa e participativa:** a aprendizaxe como construción do coñecemento é un proceso que implica a acción do neno/a sobre a realidade, que aprende e desenvólvese a través da acción e a participación. Por isto fomentaremos o seu papel activo, converténdoo no principal protagonista do seu desenvolvemento.

Neste sentido, a observación e a experimentación serán dous eixos fundamentais da práctica educativa.

- **Lúdica:** o xogo é o noso principal instrumento de traballo, pois non só satisface un desexo, senón que responde a unha necesidade imprescindible para o un desenvolvemento san. O xogo é a actividade espontánea do neno/a a través da que realiza aprendizaxes significativas por si só. Toda actividade lúdica ten dimensións intelectuais, afectivas, sociais e psicomotrices. Facilita o autodominio, proporciona contactos físicos, evoca sentimentos e emocións, provoca afeccións, facilita a comunicación e expresión afectiva, descubre actitudes e comportamentos do neno/a, axúdalle a superar bloqueos psicolóxicos e dificultades de relación, interioriza modelos sociais e os modelos implícitos neles. En toda actividade lúdica teñen cabida aptitudes, hábitos ou aprendizaxes diversos.
- **Flexible:** a flexibilidade en todos os compoñentes do proceso educativo como: espazos, tempos, actividades, agrupamentos... axudaranos a adaptarnos aos gustos, ritmos, necesidades, rendementos, ... do neno/a e do grupo.
- **Motivadora:** grazas á motivación espertamos necesidades e intereses dando lugar a que a actividade xurda do propio individuo e conseguindo así aprendizaxes máis formativas e significativas.
- **Globalizadora:** o neno/a ten unha visión globalizada da realidade. Respectando esta característica, toda tarefa educativa partirá dunha organización globalizada na que se abarquen todas as áreas e en base a que se producirán situacións, nun principio de análise e posteriormente de síntese.
- **Significativa:** aprender significativamente supón a posibilidade de atribuírlle sentido e significado ao que se vai aprendendo a partires do que xa se coñece. O achegamento á realidade por parte do alumno/a será máis rico cantas máis conexións poidan establecerse entre o novo e o xa coñecido e experimentado, tendo sempre presente a zona de desenvolvemento próximo. A aprendizaxe significativa supón unha predisposición favorable e unha intensa actividade do neno/a, non só manipulativa senón tamén interna así como unha organización lóxica e psicolóxica do material.
- **Individualizada é personalizada:** cada neno/a é diferente, posúe unha bagaxe particular, polo tanto, terán que terse en conta as necesidades e intereses de orde cognitivo, afectivo-social e psicomotriz do alumno/a.

- **Socializadora:** o desenvolvemento é máis completo na medida en que o neno/a adquire hábitos sociais como cooperación, capacidade de compartir, responsabilidade, participación, capacidade de relacionarse tanto cos adultos como cos seus iguais. O home é un ser social e neste medio medra e se enriquece, polo tanto, as controversias, interaccións e reaxustes que se xeran no grupo facilitan o progreso intelectual, afectivo e social. Os procesos afectivos e de relación serán o fío condutor de todas as actividades. Por tal motivo, as interaccións que se establezan entre o neno/a, a docente e os outros nenos/as, constituirán un obxectivo e un recurso metodolóxico de primeira orde.

- **Creativa:** este principio diríxese a intentar desenvolver no alumno/a a capacidade para enxendrar algo persoal e distintivo. O pensamento creador caracterizarase pola súa orixinalidade, fluidez, flexibilidade, posibilidade de descubrir funcións distintas, utilización inusuais. Para contribuír a promover a creatividade, a profesora deberá seguir normas do tipo de: facilitar a creación dun clima de confianza, liberdade e apertura, fomentar a presenza de interrogantes no labor escolar, intentar evitar a rutina e buscar novas técnicas e métodos de traballo, desenvolver un clima de relacións humanas cordiais, facer posible o traballo orixinal e persoal, etc.

- **Intuitiva:** faise necesario promover a captación dos obxectos de coñecemento de forma sensible e concreta, e así favorecer a recreación de imaxes mentais nos nenos/as. Dependendo da situación e da necesidade, este principio pode ser aplicado de forma directa ou indirecta: directa (o alumno fai algo por si mesmo ou ben observa como outros o fan; indirecta (apréciese o elemento de traballo a través de fotografías, láminas, carteis, mapas ou tamén de exemplos, comparacións, descrições,...). Estas tres últimas constitúen as formas máis elaboradas de presentar o principio de intuición.

- **Fomentadora da autonomía:** no desenvolvemento didáctico, o fomento da autonomía ocupa un papel primordial. O neno/a nestas etapas da súa vida, nas que o grado de dependencia respecto ao adulto é aínda moi elevado, ao ir acadando maiores cotas de autonomía reforzará os mecanismos de autoestima e autoafirmación. O resultado implica maior seguridade e capacidade para obrar por si mesmo.

Unha vez vistas estas orientacións metodolóxicas xerais, as características específicas dos nenos/as de 0 a 3 anos aconsellan non perder de vista algunhas consideracións máis:

- Existirá un equilibrio entre a uniformidade e variedade, é dicir, contemplar ó mesmo tempo as rutinas e a flexibilidade.
- Evitar tanto a sobreestimulación como o desorde.

- Evitar que o neno/a sufra un exceso de inquietude durante moito tempo, calmando rapidamente os choros sen que iso signifique conseguir o que quere.
- Será preciso crear un ambiente cálido, acolledor e seguro así como unha relación de confianza e afecto coa educadora e cos outros nenos/as.
- Transmitir ao neno/a xa desde os primeiros meses a actitude de que aprender é algo agradable.
- A adecuada organización material, espacial e temporal, de maneira que favoreza a autonomía e a flexibilidade.
- Neste ciclo, a relación coa familia e especialmente o intercambio de información ten aínda máis importancia se cabe.
- A linguaxe que se empregue co neno/a debe estar desprovista de excesos conceptuais que o confundan. Debe ser simple, directa e ampla en vocabulario nominal (obxectos) e verbal (accións), que son as correspondencias lingüísticas máis acordes coas características da etapa no primeiro ciclo.

De cara a fomentar a adquisición e mantemento de condutas desexables nos nenos/as recurrirase ao que se denominan recompensas. Daráselle prioridade ás recompensas sociais (aloumiños, abrazos, sorrisos ou palabras de felicitación) sobre as recompensas externas e tanxibles (xoguetes, caramelos,...). Estas últimas só se empregarán en casos moi concretos. Intentarase que, a medida que pase o tempo, os nenos/as vaian interiorizando as recompensas, é dicir, terán que ir facendo as cousas ben, sen precisar algo concreto que o recompense: a propia satisfacción, o sentirse a gusto co traballo ben feito, cos comportamentos axeitados ou coas aprendizaxes que se realizan teñen que ser suficiente premio.

O neno/a deberá ir aprendendo a cambiar o curso da súa motivación, a razón de por que fai as cousas, de xeito que pase de facer o que lle mandan, aquilo polo que o poden premiar ou polo que vai recibir unha gratificación, a facer as cousas que realmente o fan sentirse a gusto consigo mesmo, sen depender tanto de factores externos.

O castigo non será empregado. En primeiro lugar, porque existe a posibilidade de lograr os mesmos obxectivos correctores mediante o reforzamento positivo e, en segundo lugar, porque o castigo, como método de supresión de condutas, conleva graves riscos que aconsellan unha extraordinaria precaución na súa utilización (efecto rebote, prexudica as relacións humanas, desencadea modelos violentos,...). Desde o punto de vista clínico, só se debería utilizar nos casos graves no que periga a vida do suxeito e non existe ningunha outra técnica alternativa, e nestes casos, só despois de realizar unha axeitada análise funcional do comportamento desadaptado que se desexa suprimir.

3.4.2. PERIODO DE ADAPTACIÓN

Posto que o período de adaptación é un tempo no que o neno/a, as familias e o persoal do PAI teñen que habituarse un aos outros é necesario garantir un equilibrio entre todos/as.

Planificarase unha entrada graduada e haberá unha flexibilización do calendario e horario para os nenos/as que entren novos. O período de permanencia no centro será curto nos primeiros días, incrementando a súa permanencia de forma progresiva ata a xornada completa.

O coidado será individualizado para cada neno/a xa que cada un é único no seu grupo e polo tanto será atendido de forma diferente.

Os nenos/as serán atendidos dunha maneira afectiva e cálida para facerlles sentir que son especiais. Tentarase que haxa continuidade nas persoas que estean ao coidado do neno/a.

Evitarase que o neno/a estea exposto a un exceso de inquietude prolongada e axudaráselle a superar os seus desgustos.

En canto aos pais, promoverase que coñezan a todo o persoal, as instalacións do centro e que poidan comunicar as súas inquietudes sobre os seus fillos/as.

A incorporación dos nenos/as realizarase en pequenos grupos e de forma graduada no tempo, de tal maneira que o finalizar a segunda semana do inicio do curso poidan estar todos incorporados no horario completo que vaian seguir durante o curso. Aínda que todo dependerá de cada neno/a.

Para programar este período teranse en conta os ritmos e necesidades de cada neno/a individualmente, facendo flexíbel o tempo coa fin de respectalos.

As actuacións, os obxectivos e as actividades durante este período irán encamiñadas a que os nenos/as:

- Acepten da mellor forma posible a separación familiar.
- Coñezan as persoas que van a estar con el no centro.
- Establezan relacións comunicativas e nexos afectivos co persoal do centro.
- Se sitúen e orienten no espazo, e identifiquen as dependencias do centro.
- Coñezan e utilicen distintos obxectos que haxa no centro.
- Participen nos xogos e actividades.
- Expresen libremente as súas propias vivencias.
- Adquiran unha progresiva autonomía nas actividades que realicen no centro.

3.4.2.1. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Para o deseño dos horarios do período de adaptación dividimos os nenos/as en dous grupos de catro nenos/as (A e B). Estes grupos serán os máis homoxéneos posibles en canto a idades. O primeiro grupo en entrar polas mañás serán o de grupos de idades menores.

Durante os primeiros días non se respectarán os horarios das actividades diarias. Tampouco se darán comidas. Os pais entregarán os nenos/as na porta, sen entrar, ás coidadoras.

O período de permanencia no centro os primeiros días será curto, incrementándose de forma progresiva ata a xornada completa. O primeiro día a permanencia no centro dos nenos/as será de 30 minutos e non haberá coincidencia en canto a grupos. O segundo día a permanencia é de 1 hora e tampouco haberá coincidencia entre os grupos. O terceiro día permanecerán 1 hora 30 minutos e xa haberá coincidencia entre os dous grupos. O cuarto día a permanencia será de dúas horas e os grupos xa coincidirán e merendarán todos xuntos. O quinto día os nenos/as estarán no centro 3 horas (no horario preferente de 9.00 a 13.00 horas) e os dous grupos coincidirán xuntos todo o horario. O sexto día cada neno/a xa fará o horario completo que ten solicitado e xa se lle darán as comidas os nenos/as que vaian a comer no centro.

Para a organización de este horario tivéronse en conta:

- Que os nenos entrasen en grupos pequenos para que a atención puidera ser máis individual.
- Que os períodos de permanencia no centro foran aumentando progresivamente para facilitar a adaptación dos nenos.
- Que os horarios fosen aumentando progresivamente dende o primeiro día, sen varialos, para facilitarlle tanto a labor das familias como a adaptación dos nenos/as.

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal

Nas seguintes táboas aparecen organizados os horarios e as actividades programadas para estes días:

1º DÍA (30 minutos permanencia)

O primeiro día non se respectarán os horarios de actividades diaria. Non se darán comidas. Os grupos non coinciden, e ademais deixase un marxe de 30 minutos entre as entradas e as saídas dos distintos grupos para xestionar estes momentos críticos.

	CHEGADA	ACTIVIDADES
GRUPO A	9.00 H	As actividades serán iguais para todos os grupos. As familias deixarán os nenos/as ás cuidadoras na porta, sen entrar. Entre a chegada e a saída as cuidadoras fomentarán que os nenos/as exploren o centro, as distintas dependencias e o material para que xoguen.
GRUPO B	10.00 H	Este primeiro día non se programan actividades xa que van estar moi pouco tempo.

2º DÍA (1 hora de permanencia)

En este día tampouco se respectarán os horarios de actividades diarias, nin se darán comidas.. Os grupos non coinciden, cando entren os nenos/as de un grupo os do grupo anterior xa teñen que estar preparados para saír.

	CHEGADA	ACTIVIDADES
GRUPO A	9.00 H	As actividades serán iguais para todos os grupos. As familias deixarán os nenos/as ás cuidadoras na porta, sen entrar. Cando xa estean todos os nenos/as dentro explicaránselle as rutinas de chegada.
GRUPO B	10.00 H	Xogos de exploración do centro e do material. Xogos de presentación dos nenos/as do grupo. Explicación das rutinas de saída.

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pal@tordoia.gal**3º DÍA (1 hora e 30 minutos)**

Non se respectan os horarios marcados de actividades diarias. Este día xa coinciden os dous grupos durante parte da franxa horaria.

GRUPO A	COINCIDENCIA A E B	GRUPO B
9.00 h: Entrada		9.30 h: Entrada
9.00 – 9.15 h: Rutinas de chegada	9.45 – 10.15 h: Xogos presentación entre os dous grupos. Actividades con música.	9.30 – 9.45 h: Rutinas de chegada
9.15 – 9.45 h: Xogos de exploración do centro e do material		10.15 – 10.45 h: Xogos de exploración do centro e do material
10.15 h: Rutinas de saída		10.45 h: Rutinas de saída
10.30 h: Saída		11.00 h: Saída

4º DÍA (2 horas)

Empézanse a respectar, dentro do posible, os horarios das actividades diarias. Non se darán comidas (solo biberón aos nenos/as máis pequenos), pero os grupos coincidirán e merendarán todos xuntos.

GRUPO A	COINCIDENCIA A-B	GRUPO B
9.00 h: Entrada		09.00 h: Entrada
9.00 – 9.15 h: Rutinas de entrada	Xa coinciden toda a franxa horaria.	9.00 – 9.15 h: Rutinas de entrada
9.15 – 10.15 h: Xogos de presentación. Exploración do centro e dos materiais. Actividade musical.		9.15 – 10.15 h: Xogos de presentación. Exploración do centro e dos materiais. Actividade musical.
10.30 h: Merenda		10.30 h: Merenda
11.00 h: Saída		11.00 h: Saída

5º DÍA (4 horas)

Entran e saen os grupos todos xuntos e cúmprese o horario estipulado (10.00 a 13.00 horas). Non se dan comidas, solo os nenos/as máis pequenos. Os maiores coma onte, farán unha pequena merenda na metade da mañá. Neste día se hai nenos/as que só vaian acudir ó centro tres horas habitualmente,

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal

xa poden realizar o seu horario habitual.

HORAS	DISTRIBUCIÓN ACTIVIDADES
9.00 – 9.45 h	● <u>RECEPCIÓN DOS NENOS/AS</u> <ul style="list-style-type: none">• Rutinas de chegada• Satisfacción de necesidades (almorzo, sono, cambio de cueiros)• Xogo libre
9.30 – 10.00 h	● <u>ACTIVIDADE DIRIXIDA</u> <ul style="list-style-type: none">• Xogos de presentación• Canción e baile
10.00 – 12. 45 h	● <u>ACTIVIDADES CONXUNTAS</u> <ul style="list-style-type: none">• 10.00 – 10.30 h: Xogo libre• 10.30 – 11.00 h: Merendas• 11.00 – 11.30 h: Asemblea e rutina de calendario• 11.30 – 12.15 h: Actividades dirixidas e de exploración do centro e do material• 12.15 – 12.45 h: Xogo libre
12.45 – 13.00 h	● <u>DESPEDIDA DOS NENOS/AS</u> <ul style="list-style-type: none">• Rutinas de saída

6º DÍA (horario completo de cada neno/a)

Cada neno/a xa fará o seu horario completo. Os nenos que traian comida para comer no centro daráselle. Seguirase o horario de actividades diarias (xa descrito no apartado E.5.3.1.)

3.4.3. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS ESPACIOS

A distribución e organización dos espazos estará feita de maneira que cubra as necesidades dos nenos/as en todos os aspectos: xogo, alimentación, hixiene, descanso, actividade, movemento, gateo...

A organización espacial ten que facerse de maneira que o neno/a poida actuar e desenvolverse coñecendo onde está cada cousa, deben existir espazos aos que poida acudir libremente e saber o que se pode facer neles.

Podemos diferenciar varias zonas ou recunchos para os nenos/as:

- Zona para o descanso.
- Zona preparación de comidas.
- Zona de cambios.
- Zona de actividades:
 - Recuncho de gateo e primeiros pasos.
 - Recuncho de xogo simbólico.
 - Recuncho para o movemento e o desprazamento.
 - Recuncho de manipulación e exploración.
 - Recuncho de material lóxico e estruturado.

3.4.4. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO TEMPO

A organización da actividade diaria e cotiá está baseada na organización de uns ritmos constantes, xa que as idades dos nenos/as así o requiren. O coñecemento de esta organización permítelle o neno/a anticiparse e saber como actuar en cada situación, producindo este feito confianza e seguridade en si mesmo e nos demais. Estes ritmos están marcados polos momentos nos que se cubran as súas necesidades básicas.

Para a organización do tempo téñense en conta os seguintes aspectos:

- Relación entre períodos de vixía e sono
- Comidas que deberán realizarse e intervalos entre elas
- Número de nenos/as que están no centro
- Tempo que os nenos/as permanezan no centro e en que franxa do día
- A idade dos nenos/as, os ritmos biolóxicos e as características individuais de cada grupo
- Características do espazo do que dispoñemos
- Características do material có que contamos
- Alternancia entre xogo e actividades non lúdicas
- Período de actividade libre e período de actividade que esixe concentración e atención
- Sucesión de actividades individuais e colectivas

- Necesidades sociais da zona
- Número de persoas que traballan no centro

3.4.4.1. DISTRIBUCIÓN DA XORNADA ESCOLAR

A distribución horaria no día a día será sempre flexible, xa que nestas idades non podemos marcar un horario demasiado estrito.

Cós nenos/as de 0 a 1 ano, non podemos rexernos por un horario fixo e completo porque este vén dado polo propio neno/a. Traballaremos en función dos ritmos individuais de cada un de eles.

Nas actividades diarias intentarase seguir, sempre tendo en conta a individualidade de cada neno/a, esta programación:

Entre as **7.30 e as 10.00** horas terá lugar a recepción dos nenos/as que paulatinamente vaian chegando. A recepción será individualizada para cada neno/a. Despois de entrar cada neno realizará unha **rutina de chegada**: saudará a todos os presentes, colocará o abrigo no seu perchero (cada un terá un perchero propio identificado coa súa foto), sacará a axenda da mochila e colocaráa no lugar indicado para tal fin, colocará a súa mochila no seu sitio e vestirá o seu mandilón, todo isto coa axuda do persoal do PAI.

Ata as **09.00 horas**, os nenos/as que non almorzaran na casa, daráselle o almorzo que traian, os que necesiten durmir farán sesta. Os demais irán a zona de actividades para xogar (**xogo libre**). Os nenos que se vaian incorporando ao largo da mañá farán o mesmo.

Entre as **10:00**, que será cando se incorporarán a maioría dos nenos/as e **as 10:30 horas** realizarase xogo libre.

Entre as **10.30 horas e as 11.00 horas** será o momento das **merendas**. Cada día da semana os nenos/as deben traer na mochila da súa casa unha merenda estipulada e para todos iguais. O calendario das merendas será:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Galletas saudables	Lácteos	Bocadillo/sandwich	Froita	Libre

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pal@tordoia.gal

As merendas virán xa preparadas da casa para que o neno/a dentro das súas posibilidades e con un mínimo de axuda as poida comer. Virán en un táper identificado co nome do neno/a. O día que toca froita, virá pelada e picada (excepto o plátano).

Os nenos menores de 18 meses non teñen porque respectar o día do bocadillo e os días que lles toca froita pódena enviar en compota. O día libre non están permitidas as chucherías. Os venres aproveitarase para celebrar os aniversarios que haxa durante a semana. Para a celebración do aniversario pódese traer da casa un biscoito, pero non é obrigatorio, e os nenos/as ese día merendarán o biscoito e levaran de volta para a casa a merenda que trouxeron. Antes de empezar coas merendas os nenos/as lavarán as mans e unha vez que rematen de comer axudarán a deixar todo limpo e ordenado.

Entre as **11.00 e as 11.30 horas** terán lugar a **assemblea** e a rutina do **calendario**. Para realizar esta rutina necesítanse un calendario cos días da semana (onde cada día está asociado a un obxecto ara que os nenos o recoñezan), os números do día do mes, o nome de cada mes e a estación do ano. Cada día un neno/a, coa axuda do adulto e mentres os demais o observan sentado en semicírculo, será o **encargado** de xestionar as labores do calendario.

Entre as **11.30 e as 12.15 horas** terán lugar as **actividades dirixidas** e traballarase os contidos do proxecto educativo xa programadas.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Cancións e baile	Contos	Psicomotricidade	Arte	Libre

Entre as **12.15 e as 12.45 horas** os nenos/as poderán **xogar libremente** e as mestras realizarán o cambio de cueiros a aqueles que o precisen.

Entre as **12.45 e as 13.00** terá lugar a **despedida** dos nenos que non coman do centro. A despedida tamén será individualizada e cada neno deberá realizar unha rutina de saída axudado polo persoal do centro e que consistirá en: coller a súa mochila, coller a axenda (que recoñecerá porque esta identificada con unha foto no exterior) e metela na mochila, sacar o mandilón e colgalo no seu percheiro, por o abrigo e despedirse de todos.

Entre as **13.00 e as 14.00** será a hora da comida. Comenzarase polas rutinas de aseo para antes da comida (lavado de mans) e acabará polas rutinas de aseo de despois da comida (lavado de dentes, cara e mans) e axudando o neno/a na medida das súas capacidades a recoller todo e a limpar o que ensuciou.

A medida que os nenos vaian acabando de comer poderán durmir unha sesta ou xogar libremente ata a hora do peche as **15.00 horas**. A medida que os pais os veñan a recoller,

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal

os nenos/as realizaran todos a rutina de saída.

Non hai programadas sextas porque ese dependerá de cada neno e de como queiran os pais organizar as horas de descanso dos neno/as. De calquera xeito aproveitarase, sempre que se poida, para programar as sextas, fora dos horarios en que se realizan as actividades do proxecto de intervención e entre as 11.30 e as 12.15 pode ser un bo momento. Os nenos entre os 0 e 1 ano incorporaranse as actividades sempre que estean despertos. Os cambios de cueiros realizaranse sempre que o neno o precise, non tendo un horario para tal fin.

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal**TABLA RESUMO: ACTIVIDADES DIARIAS**

HORAS	DISTRIBUCIÓN DE ACTIVIDADES										
7.30 – 10.00 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>RECEPCIÓN DOS NENOS/AS (a medida que vaian chegando)</u> <ul style="list-style-type: none"> • Rutinas de chegada • Satisfacción de necesidades (almorzo, sono, cambio de cueiros) • Xogo libre 										
10.00 – 10.30 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>XOGO LIBRE</u> <ul style="list-style-type: none"> • 10.00 – 10.15 h: Rutina do calendario • 10.15 – 10.30 h: Asemblea 										
10.30 – 11.00 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>MERENDAS</u> <table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <thead> <tr> <th>LUNS</th> <th>MARTES</th> <th>MÉRCORES</th> <th>XOVES</th> <th>VENRES</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Galletas saudables</td> <td>Lácteos</td> <td>Bocadillo ou sándwich</td> <td>Froita</td> <td>Libre</td> </tr> </tbody> </table>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	Galletas saudables	Lácteos	Bocadillo ou sándwich	Froita	Libre
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES							
Galletas saudables	Lácteos	Bocadillo ou sándwich	Froita	Libre							
11.00 – 12.45 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>ACTIVIDADE CONXUNTAS</u> <ul style="list-style-type: none"> • 11.00 – 11.30 h: Asemblea e rutina de calendario • 11.30 – 12.15 h: Actividades dirixidas • 12.15 – 12.45 h: Xogo libre 										
12.45 – 13.00 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>DESPEDIDA DOS NENOS/AS QUE NON COMEN NO CENTRO</u> <ul style="list-style-type: none"> • Rutinas de saída 										
13.00 – 14.00 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>COMIDAS</u> <ul style="list-style-type: none"> • Rutinas de aseo antes da comida • Comidas • Rutinas de aseo despois da comida 										
14.00 – 15.00 h	<ul style="list-style-type: none"> ● <u>SESTA OU XOGO LIBRE E DESPEDIDA</u> <ul style="list-style-type: none"> • Sesta • Xogo libre • Despedida 										
Observacións	<ul style="list-style-type: none"> ● A distribución horario será flexible para cada neno/a pero fixo para todo o centro ● Tentarase sempre que a maioría dos nenos/as respecten o horario establecido ● Os nenos/as incorporaranse ás actividades sempre que estean despertos/as 										

- O cambio de cueiros realizarase sempre que o neno/a o precise

3.4.5. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

Para acadar os obxectivos marcados para as áreas de intervención (coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do contorno, linguaxe e representación e adquisición de hábitos e satisfacción de necesidades) os contidos distribúense en unidades didácticas ordenadas e secuenciadas, nas que aparecen planificados e distribuídos os contidos de aprendizaxe ao longo do curso, así como as actividades de aprendizaxe e avaliación.

As unidades didácticas teñen unha programación cuadrimestral:

CUATRIMESTRE	MESES	UNIDADES DIDÁCTICAS
1º	Setembro Outubro Novembro Decembro	Período de adaptación/ O cole O outono/ Corpo As prendas de vestir/ As emocións O inverno/ O Nadal
2º	Xaneiro Febreiro Marzo Abril	A familia O Entroido/ Os alimentos Os animais/ A primavera As plantas/ Medios comunicación
3º	Maio Xuño Xullo Agosto	A lectura/ Tendas e oficios Rúa e seguridade viaria/ Verán

3.4.6. ORGANIZACIÓN DOS MATERIAIS

Os materiais utilizados no PAI serán hixiénicos e doados de limpar. Non poderán ser perigosos, non terán puntas nin bordes cortantes, nin pezas que se aloxen en tamaño. Estarán fabricados con materiais non tóxicos, nin inflamables e cumpriran a normativa vixente en materia de seguridade.

Serán sinxelos e pouco estruturados para favorecer acción e a imaxinación.

Elixiranse materiais abertos de usos múltiples, que dispoñan do maior número posible de usos para o seu emprego. Estarán colocados ao alcance do neno/a, colocados de forma visible, serán de fácil

acceso para que os poidan coller sen ter que pedilos.

O almacenamento do material farase sempre no mesmo sitio para que poidan localizalos con facilidade.

Haberá material para o desenvolvemento motor e sensorial, materiais que desenvolvan pensamento lóxico, materiais que fomenten a representación e a simulación, materiais para o desenvolvemento da expresión oral e materiais para a expresión plástica e musical.

3.4.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é o primeiro instrumento dos educadores para tomar as decisións oportunas e introducir os axustes necesarios co fin de mellorar a acción educativa.

O proceso educativo que comenza coa planificación ou programación desenvólvese a través da posta en práctica. Por medio da avaliación recollese información e valorase o propio proceso para modificalo e melloralo na seguinte planificación.

As características de avaliación que seguiremos no PAI serán:

- A avaliación será global, referida ao conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais. Estes obxectivos adecuados ao contexto sociocultural do centro e as características propias do alumnado, serán o referente permanente da avaliación.
- A avaliación terá así mesmo, un carácter continuo, considerándose un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal o educador recolle permanentemente información sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- A avaliación, terá, en consecuencia, un carácter formativo, regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.
- Será cooperativa, posto que afectará non só os que a apliquen, senón tamén os seus verdadeiros usuarios, os nenos/as.

A avaliación de todo o proceso educativo no PAI realizarase tanto dende a propia práctica educativa como do desenvolvemento das capacidades dos nenos/as de acordo cós obxectivos marcados, a través de unha avaliación que contribúa a mellorar a actividade educativa.

Para avaliar como se desenvolven as capacidades do neno/a ao longo do curso, o equipo educativo de PAI terá en conta uns indicadores de especial relevancia para este ciclo, que servirán como guía para recoller información.

Como consecuencia das prioridades marcadas na secuencia de obxectivos e contidos do proxecto educativo, fixéronse uns criterios xerais para a avaliación de cada área.

Para valorar as diferentes áreas terase en conta tamén, os indicadores específicos que aparecen nas seguintes táboas e avaliarase tendo en conta a seguinte escala:

- **Acadado:** se cumpre máis de tres indicadores específicos dos cinco reflexados para cada obxectivo
- **En progreso:** se cumpre tres indicadores específicos dos cinco reflexados para cada obxectivo
- **Non acadado:** se cumpre menos de tres indicadores específicos dos cinco reflexados para cada obxectivo

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

BLOQUE 1: O CORPO E A PROPIA IMAXE	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes	<ul style="list-style-type: none">● Sinala as partes principais do seu corpo● Sinala correctamente partes e detalles do corpo (ollos, cellas,..)● Nomea partes do corpo sobre si mesmo/a e sobre as outras persoas● Fai unha descrición axeitada doutra persoa● Capta e describe diferenzas e semellanzas entre persoas
Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá	<ul style="list-style-type: none">● Ten unha boa coordinación de movementos● Globalmente móvese con axilidade● Controla o corpo e movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo● É capaz de coordinar a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo o require● Mantén o equilibrio cando transporta algún obxecto
Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións	<ul style="list-style-type: none">● Discrimina obxectos polo seu tacto (rugoso – liso, áspero – suave, duro – brande...)● Distingue temperaturas (xeado, frío,

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pal@tordoia.gal

	<p>morno, quente, moi quente)</p> <ul style="list-style-type: none">● Identifica as cores● Discrimina silencio – son● É capaz de mostrar preferencias
Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitación	<ul style="list-style-type: none">● Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais● Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno● Gústalle facer encargos e ter responsabilidades● É quen de solicitar axuda cando a precisa● Intégrase en xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas
Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	<ul style="list-style-type: none">● Verbaliza e acepta diferenzas físicas entre as persoas● Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas● Percibe cambios físicos en si mesmo/a● Percibe cambios físicos nos/as demais● Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc., independentemente do xénero
Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas	<ul style="list-style-type: none">● Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións e estados de ánimo● Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos das demais persoas● Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións● Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axudas cando as ve en apuros● Fai uso das posibilidades expresivas na vida cotiá
BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO	
Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	<ul style="list-style-type: none">● Elixo con facilidade o xogo● Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras ou saltos

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pal@tordoia.gal

	<ul style="list-style-type: none">● É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras e compañeiros, cando o xogo o require● Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)● Presenta unha boa motricidade grossa e fina
Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen	<ul style="list-style-type: none">● Intégrase en xogos de grupo● Acepta ter que esperar a súa quenda● Pide perdón cando molesta ou cando lle fai dano a unha compañeira ou compañeiro● Mantense participando nun mesmo xogo un tempo importante● Aмосa interese polos xogos cooperativos
BLOQUE 3: A VIDA COTIÁ	
Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas	<ul style="list-style-type: none">● Coñece e respecta as normas da escola● Distingue os diferentes momentos e situacións dentro da aula e adáptase a eles● Participa activamente nas actividades e tarefas● Actúa autonomamente● Entende as consignas e ségueas
BLOQUE 4: O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE	
Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais	<ul style="list-style-type: none">● Mostra desgusto ou malestar cando está sucio/a ou desaliñado/a● Recoñece as necesidades básicas do corpo● Recoñece a alimentación necesaria para a vida

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal

	<ul style="list-style-type: none">● Entra e sae na aula con orde● Coloca a roupa na súa percha
Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas	<ul style="list-style-type: none">● Identifica situacións perigosas● Evita situacións perigosas● Identifica obxectos perigosos● Adopta as precaución apropiadas ante obxectos perigosos● Amosa cautela ante situacións descoñecidas

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

BLOQUE 1: MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios	<ul style="list-style-type: none"> ● Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen ● Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións ● Sabe describir algún atributo dun obxecto ● Agrupa obxectos por semellanzas ● Ordena obxectos segundo un criterio (tamaño, cor,...)
Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual	<ul style="list-style-type: none"> ● Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual) ● Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá ● Asocia algúns números coas cantidades que representan ● Coñece a serie numérica ● Participa en xogos de mesa sinxelos (puzzle, pequenas construcións,...)
Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos)	<ul style="list-style-type: none"> ● Explora ludicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais ● Recoñece algunhas figuras xeométricas (rectángulos, cadrado, círculo, triángulo) ● Recoñece aspectos xeométricos (liña, punto) ● Representa as formas xeométricas básicas ● Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno
Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando	<ul style="list-style-type: none"> ● Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións (dentro – fora) ● Coloca os obxectos e localízaos

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pal@tordoia.gal

vocabulario topolóxico elemental	<p>empregando as nocións (abaixo – arriba)</p> <ul style="list-style-type: none">● Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións (diante – detrás)● Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa● Representa e interpreta o espazo empregando debuxos, fotografías,...
Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida	<ul style="list-style-type: none">● Ordena as accións máis relevantes do día● Diferenza os días da semana en relación coas actividades que se fan habitualmente● Pode relacionar feitos concretos cunha determina época do ano (estacións do ano)● É consciente da constante repetición dalgúns feitos● Asocia tempos horarios con determinadas accións (entrada, merenda, actividade, saída)
BLOQUE 2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA	
Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conserva-la	<ul style="list-style-type: none">● Ten curiosidade por todo o que o rodea● Descubre aspectos novos a través das súas observacións● A observación léva-lo a formular interrogantes e a buscar explicacións● Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoa e fenómenos● Coñece os coidados básicos que requiren animais e planta para vivir
Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos	<ul style="list-style-type: none">● Coñece que os seres vivos seguen un ciclo vital (nacen, medran, reproducense e morren)● Identifica que os seres vivos seguen un ciclo vital● Identifica características das persoas e outros seres vivos ● Identifica cambios nos procesos de crecemento das persoas e outros seres vivos● Identifica as necesidades nas etapas de desenvolvemento das persoas e doutros

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal

	seres vivos (alimentación, hixiene,...)
BLOQUE 3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE	
Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización	<ul style="list-style-type: none">● Nomea e identifica os membros da súa familia● Conta cousas das súas experiencias familiares● É quen de transmitir mensaxes sinxelos da casa á escola e da escola á casa● Acepta e respecta as normas de funcionamentos da aula● Coñece as rutinas da aula
Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios	<ul style="list-style-type: none">● Coñece os diferentes oficios● Coñece diferentes establecementos comerciais● Diferenza establecementos comerciais polos produtos que teñen● Coñece os diferentes medios de transporte● Coñece os diferentes medios de comunicación
Recoñecer algunha manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza	<ul style="list-style-type: none">● Mostra interese polas diferentes celebracións da escola● Participa activamente nas celebracións da escola● Recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno● Participa nas festas populares que se celebran no seu contorno● Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

BLOQUE 1: LINGUAXE VERBAL: ESCOITAR FALAR E CONVERSAR	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas	<ul style="list-style-type: none">● Manifesta interese por comunicarse con outras persoas● Comunícase coas persoas adultas● Comunícase cos compañeiros e compañeiras● Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar● Participa activamente nas conversas da aula
Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa	<ul style="list-style-type: none">● Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas● Comprende instrucións sinxelas● Comprende as explicacións que se dan na clase● Comprende a idea central dunha explicación● Comprende as ordes e consignas habituais
BLOQUE 2: APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA	
Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes	<ul style="list-style-type: none">● Mostra interese polos textos escritos presentes na aula● Solicita que lle lean● Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas, contos,...● É quen de inventar e interpretar o que pon un texto (conto)● Recoñece o seu nome e o dos demais compañeiros e compañeiras
Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas,...	<ul style="list-style-type: none">● Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios (contos, relatos, lendas,...)● Comparte cos demais interpretacións e opinións tras a escoita de textos literarios

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pal@tordoia.gal

	<ul style="list-style-type: none">● Gusto de participar na escoita e lectura de diferentes textos literarios● Gusto de participar en xogos lingüísticos simples (adiviñas, onomatopeas,...)● Acompaña de respostas corporais os xogos lingüísticos
Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento	<ul style="list-style-type: none">● Respecta e coida a biblioteca da aula● Ten unha actitude activa ante a lectura● Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente● Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información● Fai uso da biblioteca valorándoa como espazo no que se divirte
BLOQUE 3: LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL	
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<ul style="list-style-type: none">● Valora as diferentes obras plásticas presentes na aula e no contorno● É quen de expresar a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que lle producen as obras plásticas● Gústalle imitar sons e ritmos diversos● Participa cando se fan actividades musicais● Explora as propiedades sonoras do corpo
Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas	<ul style="list-style-type: none">● Participa activamente nas representacións e no xogo dramático● Coordina as súas accións coas das demais nenas e nenos● Expresa emocións con xestos e expresións● Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais● Participa na interpretación de danzas colectivas e individuais

3.4.7.1 TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para seleccionar as estratexias de avaliación que mellor se adaptaran ao proxecto educativo proposto polo PAI, tivemos en conta que as técnicas e o s instrumentos a utilizar cumprirán os seguintes requisitos:

- Ser moi variados para poder contrastar os datos obtidos a través delas.
- Utilizar distintos códigos, verbais ou non verbais, para que o código non obstaculice os contidos que se pretenden avaliar.
- Ser aplicable en situacións diversas, unhas máis estruturadas e outras máis libres e espontáneas.
- Que permitan aplicar as aprendizaxes en contextos distintos dos que se aprenderon.

O equipo educativo deberá deixar constancia das súas observacións e valoracións sobre o desenvolvemento do proceso educativo e as aprendizaxes de cada neno/a. Esta valoración levarase a cabo a partir da información obtida das entrevistas coas familias, o análise das predicións e realizacións dos nenos/as e sobre todo da observación directa e sistemática, que constituirá a principal técnica do proceso. As técnicas que utilizaremos serán:

- Observación directa e sistemática.
- Entrevistas coas familias.
- Conversacións cos nenos/as.
- Análise dos produtos e realizacións dos nenos/as.

Consideramos que a observación é a mellor técnica para mellorar a ensinanza, adecuando progresivamente as propostas de aprendizaxe aos progresos e dificultades dos nenos.

Para levar a cabo unha observación de forma sistemática será necesario:

- Delimitar con precisión os comportamentos que se observan.
- Organizar situacións de observacións que permitan comprobar ditos comportamentos.
- Elaborar un sistema de rexistro das observacións que faga posible seguir a evolución dos nenos/as.

Existen outras modalidades de observación, que cada educadora irá creando na súa aula combinando uns e outros aspectos e adaptándoas á súa práctica educativa. O mellor é combinar distintas modalidades e utilizar distintos instrumentos de observación, para poder responder con éxito ás esixencias da avaliación formativa:

- Observacións individuais
- Observacións de grupo

- Observacións durante situacións de xogo
- Observacións en actividades planificadas
- Observación continua e integrada no funcionamento do grupo

AVALIACIÓN INICIAL: Ó incorporarse o neno/a por primeira vez ao centro, realizarase unha avaliación inicial, recollendo información sobre a situación da que parte. Para elo, levarase a cabo unha entrevista coa familia en onde se completarán os datos que reflectamos na ficha do período de adaptación. ademais da información que aporta a obteremos información sobre os aspectos máis relevantes e significativos das vivencias dos nenos/as no noso centro durante ese período de tempo. Para esta recollida inicial teremos como instrumentos unha folla de observacións na que a educadora recollerá a información que considere necesaria para unha avaliación posterior.

AVALIACIÓN CONTINUA: A técnica principal para este tipo de avaliación é a observación directa e sistemática, tamén se usaran a conversación e a análise das producións dos nenos/as. De forma continua utilizaranse distintas situacións diarias para analizar os procesos e dificultades dos nenos/as, para observar tanto o seu proceso de desenvolvemento como os aprendizaxes adquiridos, co fin de adecuar a intervención educativa as súas necesidades. Terase en conta non so o produto final senón tamén o proceso que o neno/a seguiu e as circunstancias nos que se desenvolveron as actividades.

AVALIACIÓN FINAL: Realizarase o finalizar o proceso educativo, a partires dos datos obtidos no proceso de avaliación continua coa referencia dos obxectivos establecidos no noso Proxecto Curricular e dos criterios de avaliación que elaboramos.

Utilizaremos as mesmas técnicas que nas de avaliación continua e engadiremos a realización de actividades específicas de avaliación na que a finalidade será a de aportar datos sobre as adquisicións dos nenos/as.

Para facer unha boa avaliación, dende o PAI teremos en conta que ademais de avaliar o desenvolvemento das capacidades dos nenos/as, avaliaremos:

- Os procesos de interacción afectiva e de comunicación efectiva entre as persoas implicadas no proceso educativo, nos contextos escolar, familiar e social.
- A optimización das condicións organizativas e dos recursos dispoñibles (teremos en conta os aspectos ambientais, materiais e temporais).
- A adecuación das programacións e contidos do proxecto educativo.

3.4.7.2. DOCUMENTOS DA AVALIACIÓN

- Entrevista inicial coas familias
- Ficha observación durante o período de adaptación
- Boletín de avaliación final do neno/a

3.4.8. CANLES DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

Para que o PAI e a familia poidan actuar de unha maneira axeitada, deben recibir información un da outra, para coñecer e responder ás necesidades e intereses persoais de cada neno/a. A información debe fluír de maneira bidireccional; o PAI será informado pola familia sobre aspectos ligados o coidado do neno (alimentación, hábitos de sono, estados de ánimo....) e especialmente das circunstancias familiares do neno/a que poidan contribuír a mellorar a súa intervención; e por outro lado, a familia recibirá información dos logros acadados polo neno/a, así como do tipo de educación que se lle os fillos/as e as razón que fundamentan esta decisión.

A colaboración entre a familia e o PAI deberá ser fluída e continuada para unificar criterios e pautas de actuación.

A participación das familias debe de estar planificada e organizada para no entorpecer e interromper a labor educativa.

3.4.8.1. CANLES DE COMUNICACIÓN

NO PLANO INDIVIDUAL

- **ENTREVISTA INICIAL:** Ten un dobre sentido, o coñecemento do neno/a e do seu entorno familiar por parte do persoal do PAI e o coñecemento da familia do PAI. Terá lugar antes do inicio do curso. Nesta entrevista as familias contestarán un cuestionario para recadar información sobre o neno/a (alimentación, sono, particularidades da familia, hábitos, aspectos relacionados coa saúde do neno, costumes familiares....). Comentarase e intentarase deseñar, dentro de que o permita a planificación , o período de adaptación da mellor forma posible para o neno/a.
- **TITORÍAS:** Faranse dúas, unha no primeiro cuadrimestre do curso e unha segunda no inicio do último cuadrimestre. O obxectivo de estas titorías será avaliar e valorar o proceso de aprendizaxe do neno/a na escola. Comentaranse e avaliaranse as novas adquisicións, as dificultades e os progresos.
- **CONTACTO DIARIO:**
 - **Entradas e saídas:** Aproveitarase a entrada e saída dos nenos/as para intercambiar información entre a familia e o persoal do PAI. Será un intercambio de información informal. A entrada os pais poden comentar sobre o estado do neno/a, como durmiu ben ou mal, se xa almorzou.....Na saída o persoal do pai comentará coas familias anécdotas e aspectos da xornada escolar do neno/a.
 - **Axenda:** Cada neno/a terá unha axenda (formato estándar para todos) que proporcionarán as familias. Nesta axenda o persoal do PAI anotará diariamente: número e características das deposicións feitas, número e duración das sestras que fixo o neno/a, como foi a comida (se comeu moito, pouco ou nada), avisará cando haxa que repoñer algún produto hixiénico ou muda... e outros aspectos que se consideren oportunos. Nesta axenda a familia disporá tamén de un espazo para anotar o que considere oportuno que coñeza o PAI.

Poderase solicitar entrevistas en calquera outro momento que se considere oportuno, tanto por parte da familia como por parte do PAI. Haberá que solicitálas por parte da familia con un mínimo de tres días de antelación e haberá que axustarse a o horario marcado, que se intentará que sexa, sempre que se poida, compatible para ambas partes.

NO PLANO COLECTIVO

- **REUNIÓN INICIAL:** Celebrarase antes do comezo do curso. Servirá para establecer un primeiro contacto coas familias e informarles colectivamente sobre aspectos importantes do PAI: funcionamento e traballo pedagóxico, organización temporal, período de adaptación, recordaráselle as normas de convivencia, as relativas a alimentación, hixiene, vestido, material de hixiene que hai que traer, horario de merenda..... Todo esta información entregarásele a cada familia por escrito para que o poidan ter na casa e consultado cando queiran.

- **REUNIÓN FINAL:** Realizarase sobre o final de curso. Farase unha avaliación xeral do curso (obxectivos acadados, metodoloxía

- **TABLÓN DE ANUNCIOS:** A entrada do centro colocaremos un taboleiro para colgar información que consideremos oportuno, como: horarios, normas de convivencia, normas de hixiene, horarios de merendas, calendario escolar.....

- **NOTAS NAS MOCHILAS DOS NENOS:** Serán notas con información xeral , anuncios de actividades, material especial para traer.....

3.4.8.2. COLABORACIÓNS ESPORÁDICAS DAS FAMILIAS

- **PERÍODO DE ADAPTACIÓN:** Para facilitar este proceso os pais e nais cumprarán un papel moi importante..

- **ACTIVIDADES PUNTUAIS NA AULA:** Pode solicitarse a colaboración dos pais e nais na aula para que aporten algunha vivencia, explicar unha determinada profesión (a súa mesma, por exemplo), relatar un conto, escenificar un relato, etc.

- **FESTAS:** Participan na elaboración das festas de Nadal, entroido e de fin de curso, aportando materiais, vestiario, etc. Estes tres días os pais que queiran poderán vir ó centro ,dentro do horario marcado, para celebrar todos xuntos. Tamén se pode solicitar a colaboración dos pais para que aporten comida o días das festas.
- **SAÍDAS:** Cando se realicen saídas ao exterior, solicitaranse colaboración voluntaria das familias nos termos en que se acorde.
- **APORTACIÓN DE RECURSOS MATERIAIS:** Para experimentar na aula e dependendo das actividades que se desenvolvan, necesitaremos materiais perecedoiros (follas no outono, froitas de inverno, flores na primavera.....), materiais da vida cotiá (botellas de plástico, rolos de papel hixiénico, tapóns.....) que solicitaremos aos pais, o mesmo que a súa colaboración, sempre na medida das súas posibilidades.

3.4.9. RUTINAS ESPECIFICAS DOS NENOS/AS DE 0-3 ANOS

A adquisición de autonomía en actividades cotiás como a alimentación, o sono, o control de esfínteres..., ten unha importancia extraordinaria para o neno; por iso é necesario que se plantee a educación de rutinas básicas xa desde o primeiro ciclo de educación infantil.

Na satisfacción das necesidades de hixiene, alimentación e descanso, debese respectar os ritmos individuais de cada neno/a e as súas experiencias previas na familia.

A intervención educativa debe orientarse gradualmente para que cada neno/a axuste os seus ritmos individuais ás rutinas da vida cotiá e tamén ás do grupo.

A regularidade destas experiencias diarias favorece este progresivo axuste de ritmos, así como que o pequeno/a empece a anticiparse a algunha delas.

A continuación faise unha breve referencia a rutinas cotiás tales como:

- Cambios
- Control de esfínteres
- Alimentación
- Sono

3.4.9.1. CAMBIOS

É preciso cambiar ao neno/a cada vez que se ensucie . Procuraremos que o cambio dos cueiros sexa unha actividade agradable para o neno.

Por esta razón é necesario aproveitar este acto de limpeza para tocar ao bebé e falarlle; empregaremos esta situación como momento educativo. Non só van descubrir sensacións de benestar corporal senón tamén a imaxe de si mesmos descubrindo o seu propio corpo e o que este é capaz de facer.

3.4.9.2. CONTROL DE ESFÍNTERES

O control dos ouriños e da defecación, como a aprendizaxe de calquera outro hábito, require unha serie de condicións para que poida lograrse con éxito. Para conseguir un control dos esfínteres é necesario un nivel de desenvolvemento físico, motor, cognitivo e afectivo.

O neno/a debe comprender a situación e o que os adultos esperamos del. Debe ter seguridade e estabilidade afectiva suficientes como para abordar a tarefa do control de esfínteres.

Os pais/nais e as educadoras non deben esixir ao neno un maior control do que pode ter polas súas dificultades madurativas, si se esixe demasiado frustrase ao neno.

O momento oportuno para comezar situarémolo por volta do segundo aniversario.

Normalmente o control das defecacións conséguese aos dous anos, e o control diúrno dos ouriños entre os dous anos e medio e os tres. Os ouriños nocturnos poden continuar a escapar ata os tres anos ou tres anos e medio, como media.

O neno/a tarda en solicitar ir ao lavabo, normalmente pídeo cando sinte a necesidade e entón xa é tarde porque xa está mollado. Pouco a pouco vai controlando a súa espera e pode acudir ao baño, desvestirse e non mollarse.

Xunto co control da micción e da defecación é moi importante que o neno aprenda a ir só e de forma autónoma ao baño, que saiba desvestirse, limparse, volver a vestirse, lavarse as mans..

Todas estas actividades implican desenvolvemento da conduta motora, do control espacio-temporal, da comprensión da situación e das ganas de practicar e colaborar cos adultos.

A actitude dos pais/nais neste proceso deberá de ser máis cariñosa e persuasiva ca ríxida.

Debemos eloxiar os avances e facerlle ver ao neno os progresos como triunfos seus.

Estes procesos deben educarse tanto na casa como no PAI. Por iso é necesaria unha estreita colaboración entre a familia e as educadoras.

3.4.9.3 ALIMENTACIÓN

Antes de mostrar a importancia metodolóxica, faremos un breve percorrido pola alimentación do

nen/a.

As características do proceso de ensinanza-aprendizaxe que defendemos no PAI pasan por considerar as horas de comer como momentos educativos posto que dan pé ao desenvolvemento dunha gran cantidade de conceptos, hábitos, destrezas, actitudes, etc. Por exemplo:

- Sensoriais: distintos sabores, olores, cores, gustos, etc.
- Motrices: control postural, coordinación óculo-manual, prensión, mastigación, destrezas manuais,...
- Lingüístico: ampliase o vocabulario básico: distintos utensilios, alimentos...
- Sociais: desenvolvementos socioafectivo e emocional (relación cos iguais, adultos,...) adquisición de hábitos (servir auga, coloca-la mesa,...) lograr unha adaptación progresiva aos alimentos,...
- Nacionais: adquisición de conceptos (cheo/baleiro, frío/quente, pouco/moito)

O momento da comida constitúe unha boa situación educativa, Neste sentido a educadora debe posibilitar:

- O desenvolvemento sensorial: olfacto, gusto e vista (neste sentido é preciso aclarar que mesmo a manipulación dos alimentos previa á utilización dos utensilios de comida, resulta sumamente positiva para estimular dito desenvolvemento)
- O acto social de comer: compartir o momento de comer cos demais e comer de forma relaxada e tranquila.
- A responsabilidade de nenos/as en certas tarefas como poñer ou quitar a mesa.
- A apetencia por dietas equilibradas e variadas.
- O desenvolvemento do sentido crítico, para que nenos/as saiban o que convén comer sen deixarse levar pola propaganda ou polas modas.
- A adquisición de hábitos correctos na mesa (utilización dos cubertos, non levantarse antes de rematar, falar en ton baixo, manter o sitio e o propio corpo limpos, etc) e de hábitos antes e despois de comer (lavado de mans e cepillado de dentes paso a paso)
- A información diaria aos pais e nais de como come o nen/a e dos seus progresos ou regresións.

- A concienciación de forma sinxela, de nenos/as, de que os alimentos están desigualmente repartidos polo mundo, o que orixina fortes problemas sociais.

Conflitos que xorden máis frecuentemente e forma de evitalos

É necesario conseguir evitar que o momento da comida sexa fonte de conflitos senón que constitúa un momento agradable do día, no que se fomenten as relacións sociais e o gusto por comer relaxadamente cos compañeiros/as.

A continuación mostramos unha serie de conflitos e algunha maneira de solucionarlos:

- **Comidas rápidas:** nas que só se serve e non se educa. No noso centro darase o suficiente tempo para o acto de comer, xa que é unha actividade tan educativa como o resto das que se realizan no centro. Por iso débese servir relaxadamente, incentivar aos nenos/as para que coman, axudarlles no manexo de utensilios, potenciar a limpeza na mesa, permitir a charla amigable, moderar o ton de voz, axudar aos nenos/as que máis lles custa, picar os alimentos que sexa preciso, etc.
- **Comidas que non gustan:** no posible respectaremos os gustos dos nenos/as, aínda que o obxectivo sexa que pouco a pouco coman de todo. Por iso podemos servirilles menos do que non lles guste e un pouco máis do que prefiren. Non convén forzar aos nenos/as sobre todo no período de adaptación ao centro, xa que pouco a pouco irán ampliando as súas apetencias e gustos.
- **Alimentos novos:** as novidades serviranse en pequenas cantidades e sen que coincidan dúas xuntas no mesmo día, incluso na mesma semana.
- **Inapetencias:** hai veces que son manifestacións doutros problemas (rechazo ó PAI, chegada dun irmá,...); debemos encontrar o problema oculto e intentar poñerlle solución para que así desapareza a inapetencia. Outras veces é consecuencia da inxestión de comidas entre horas, polo que se vixiará este aspecto ao longo da xornada escolar.
- **Negarse a comer:** é un problema moi típico nestas idades e a súa causa principal é que o neno/a quere chamar a atención, polo tanto a nosa actitude deberá ser relaxada, sen forzar nin mostrar ansiedade ou nerviosismo; alagar o feito de que o neno/a coma aínda que sexa pouco e reforzar positivamente calquera avance.

Como se pode comprobar, os obxectivos que imos traballar serán:

- Descubrir a necesidade de alimentarse
- Regular o ton, adoptando posturas correctas para comer
- Desenvolver habilidades motrices: cortar, dobrar...
- Traballar hábitos hixiánicos diversos: lavarse as mans, os dentes, etc.
- Apreciar diferentes cualidades a través dos sentidos: color, sabor, olor,...
- Establecer comunicación con adultos e outros nenos/as

3.4.9.4. SONO

Para a aula dos pequenos e pequenas (nivel I) non temos un horario de sono, xa que durmirán sempre que o necesiten, pero o que si faremos é deitalos/as na área de descanso, así a educadora poderá ter sempre preto ao neno/a. A partires de 5º ou 6º mes, cando xa cambian a alimentación, irán regulando o sono, ata que tan só necesiten durmir unha hora a media mañá e a sesta despois de xantar. Isto nunca cumprirá un horario imposto pola educadora, senón que serán eles/elas mesmos/as os/as que regulen o seu horario de sono.

Ademais de compenetrar o horario de alimentación e sono, contaremos coa información que nos darán os pais e nais acerca do horario, características e condicións especiais do sono do seu fillo/a, e tamén teremos en conta a hora da chegada do neno/a ao centro.

Os maiores dun ano, terán o seu horario de sono, de dúas a catro, creándolles un hábito pero nunca forzando, así respectaremos nun principio o ritmo de cada un, ata lograr que a sesta sexa un momento colectivo. De todos os xeitos ese horario será flexible, de tal forma que cada un durma o que necesite, podendo ampliálo ou diminuílo. Tamén nestas idades teremos en conta a hora da chegada do neno/a ó centro, incluíndo así se o necesita, botarse a durmir, en calquera momento.

A aula de descanso será un espazo tranquilo, un ambiente relaxante, onde non se xogue, estará decorado de maneira sinxela pero fermosa, non terá moita claridade, pero tampouco será un cuarto escuro, e por suposto estará ventilado, seguro e cunha temperatura axeitada.

3.4.10. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Hai que considerar que o conxunto do grupo-clase é diverso. Esta diversidade orixina as relativas capacidades de cada un dos neno/as, os seus respectivos desenvolvementos madurativos, os seus respectivos ambientes socio-culturais e familiares e a súa diversidade social orixinada por

procedencias culturais diferentes. Así pois a diversidade é un integrante natural do grupo-clase, é dicir, son distintas respostas de aprendizaxe para unha mesma ensinanza.

A nosa intervención No PAI adquirirá un carácter **preventivo e compensador**.

- **Preventivo:** evitando que se produzan dificultades de aprendizaxe de maneira temperá, e de forma especial naqueles casos que presentan risco persoal, familiar ou social.
- **Compensador:** intentando paliar aqueles trastornos xa presentes, mediante unha atención adecuada a fin de evitar que se intensifiquen.

Polo tanto, o noso centro pretenderá dar respostas axeitadas a toda esta diversidade proponendo os recursos necesarios para que os alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poidan alcanzar dentro do mesmo sistema os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos os alumnos.

3.5. NORMAS XERAIS

3.5.1. NORMAS DE SAÚDE

Os nenos/as deberán acudir ó PAI en condicións correctas de saúde e hixiene.

Non serán admitidos no centro os nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas.

A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais/nais, titores ou representantes legais á dirección do centro que, á súa vez, o poñerá de inmediato en coñecemento da autoridade competente.

No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase á dirección deste, e avisarase aos seus pais, representantes legais ou titores, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos/as.

O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio e tralo informe médico que acredite tal circunstancia.

No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións *in situ* e, á maior brevidade posible, poñerase dita circunstancia en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais e procurarase que o neno reciba a atención médica axeitada.

Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais, titores ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

O PAI prestará un especial coidado en atender os casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos que deberán ser facilitados pola familia.

Sempre e cando sexa posible, a familia axustara a dose dos medicamentos fora dos tempos de permanencia no PAI.

O/a nenos/a permanecera na casa cando tivese máis do 38 °C de febre, diarrea (máis de 3 deposicións anormais ao día), vómitos ou enfermidade contaxios (varicela, rubéola, papeiras, sarampelos, etc.). De aparecerlle calquera destes síntomas mentres permanece no PAI será posto en coñecemento dos pais/nais/representantes legais para estes recolleren o nenos/as o antes posible. No caso de que xurda un proceso febril durante o tempo de permanencia no PAI, o persoal tentará reducila por medios físicos, dando aviso a familia.

Os nenos ou nenas afectados/as por parasitos como piollos, lombrigas, etc., deberán utilizar tratamento antiparasitario despois do aviso por parte do PAI. Estes deberan permanecer na casa ata o completo remate do tratamento.

3.5.1.1. ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS

Sempre e cando sexa posible, a familia axustara a dose dos medicamentos fora dos tempos de permanencia no PAI.

So se administraran medicamentos en casos moi excepcionais e sempre deben ir acompañados de receitas medicas actualizadas, onde constara o nome do/a nenos/as, o nome do medicamento e a dose e frecuencia da súa administración. Xunto a receita debera achegarse a correspondente autorización por escritos dos pais/nais/representantes legais para a administración dos mesmos.

3.5.2. NORMAS DE HIXIENE PERSOAL

Os/as nenos/as terán sempre unha muda completa de reposto e panos de papel.

Todos os nenos/as que usen cueiros deberan traer un paquete deles e un bote de toallíñas, así como crema balsámica en caso de empregala. Este material repoñerase cando for preciso.

Calquera situación anómala que manifeste a crianza debera ser comunicada polas familias no menor tempo posible.

A partires dos 2 anos de idade deberan aportar cepillo e pasta de dentes axeitada.

3.5.3. NORMAS DE ALIMENTACIÓN

Os biberóns deberan vir preparados da casa cando sexa posible. So se quentaran e darán. Tantos como precise o neno/a durante a permanencia no PAI.

Para a elaboración das papas de cereais deberan vir preparadas cas doses de leite e cereais.

Sempre que haxa algún cambio de alimentación, dose, introdución de novos alimentos, textura..., deberán comunicalo.

Os pais/nais ou representantes legais deberan presentar o informe pediátrico correspondente naqueles casos en que se deba prestar unha especial atención ao tipo de comida, en razón de circunstancias persoais.

A dieta alimentaria dos bebes e as horas de toma deberan comunicarse diariamente.

Se o neno/a ten intolerancia ou é alérxico a algún alimento, debese facer constar no centro.

Os nenos/as non poderán levar lambetadas o PAI.

As comidas deberán identificadas co nome do neno/a a nunha neveira portátil. A comida que o neno/a non coma será devolta para a casa, así os pais poderán ver o que o neno/a comeu.

3.5.3.1. AS MERENDAS

Entre as 10.30 e as 11.00 horas será o momento das merendas. Cada día da semana os nenos/as deben traer na mochila da súa casa unha merenda estipulada e para todos iguais. O calendario das merendas será:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Galletas saudables	Lácteos	Bocadillo ou sándwich	Froita	Libre (elixe el/a)

As merendas virán xa preparadas da casa para que o neno/a dentro das súas posibilidades e con un mínimo de axuda as poida comer. Virán nun táper identificado co nome do neno/a. O día que toca froita, virá pelada e picada (excepto o plátano).

Os nenos menores de 18 meses non teñen porque respectar o día do bocadillo e os días que lles toca froita pódena enviar en compota. O día libre non están permitidas as lambetadas.

3.5.3.2. AS FESTAS DE ANIVERSARIOS

Os venres aproveitarase para celebrar os aniversarios que haxa durante a semana. Está prohibido traer lambetadas para a celebración das festas de aniversarios. Pódese traer da casa un biscoito, pero non é obrigatorio.

Os nenos/as ese día merendarán o biscoito e levarán de volta para a casa a merenda que trouxeron.

3.5.4. ROUPA E COMPLEMENTOS

Os nenos e nenas deberán traer roupa cómoda (chándal, pantalón con goma, camisetas e xerseis con goma flexible no puño...). Non son recomendables os tirantes e cintos así como os pantalóns de “peto”. Tamén convén evitar saias ou vestidos, sobre todo no inverno. No caso de traelos nos meses de verán que sexan curtos e que lles permitan a mobilidade.

Os zapatos e zapatillas serán de velcro e coa suela limpa. Os abrigos e chaquetas virán identificados co nome do neno ou nena e levaran un lazo ou goma para facilitar que os poidan colgar no perchero.

Os nenos e nenas non traerán xoias como pulseiras, cadeas nin aneis cós que se poidan facer dano. Evitaranse tamén as pinzas e as diademas con púas.

Cada neno deberá ter no PAI unha caixa identificada co nome do neno/a con unha muda completa (roupa interior, pantalón, xerse, calcetíns, zapatillas) que deberá repoñer cando o necesite.

Poderse traer un mandilón, se así se decide, identificado co nome, que se traerá o luns e se levará na mochila o venres para lavar.

3.5.5. HORARIOS

O PAI permanecerá aberto os 12 meses do ano, salvo sábados, domingos e festivo de ámbito nacional, autonómico e local.

O horario de apertura será de 7.30 a 15.00 horas, sete horas e media diarias.

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do PAI. Estes poderán ser variados por razón de adecuacións ás necesidades das persoas usuarias, á matrícula dos nenos e aos recursos dispoñibles.

O curso escolar iniciarase na data sinalada na resolución da Alcaldía pola que se abre o prazo de reserva de praza, preinscripción e matrícula de usuarios/as e rematará o 31 de agosto.

3.5.5.1. DOS NENOS/AS

O horario de entrada e saída dos nenos e nenas no PAI débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo a alteración das actividades dos demais nenos e nenas e do normal funcionamento do centro. Para o bo funcionamento do centro os nenos e nenas que acudan de xeito habitual ó centro terán que estar antes das 10.00 horas e non serán recollidos ata as 13.00 horas, agás causa xustificada.

Ó remate de cada xornada os nenos/as serán entregados ós seus pais, nais, ou representantes legais. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do PAI para entregar o neno ou nena a outra persoa, esta deberá ser debidamente autorizada. O persoal do PAI está obrigado a solicitar o DNI ou documento identificador equivalente á persoa que veña recoller ao neno ou nena no caso de non coñecela e comprobar se está na listaxe de persoas autorizadas. De non producirse a identificación o/a menor non poderá ser entregado/a, procedéndose ao contacto coa nai, pai ou representante legal. Teranse en conta as cuestións concretas establecidas por resolución xudicial que deberán ser postas en coñecemento da dirección do PAI.

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)

Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005

pai@tordoia.gal

As crianzas deberán gozar dun mes enteiro de vacacións. Poderase solicitar o seu goce nun mes enteiro ou ben repartirse en dúas quincenas cando así sexa suficientemente acreditado pola familia e, en todo caso, gozarse entre o 1 de setembro e o 31 de agosto. O mes de vacacións será comunicado por escrito no rexistro do Concello de Tordoia.

Por causas debidamente xustificadas pódese admitir a asistencia do neno ou nena os 12 meses do ano. Antes tales circunstancias deberán formular unha solicitude cunha antelación mínima dun mes, que será autorizada pola comisión de valoración, coordinación e control.

3.5.5.2. DO PERSOAL DO PAI

O horario do persoal do PAI de Tordoia será de 7.30 h ata 15.00 horas, de luns a venres agás festivos de ámbito nacional, autonómico e local.

4. REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO P.E.C

Este Proxecto Educativo de Centro será revisado, corrixido, mellorado e modificado anualmente.

5. ANEXOS

- **ANEXO 1: IMPRESO DE MATRICULA**
- **ANEXO 2: FICHA ENTREVISTA INICIAL**
- **ANEXO 3: FICHA OBSERVACIÓN PERÍODO DE ADAPTACIÓN**
- **ANEXO 4: FICHA AVALIACIÓN FINAL**

ANEXOS

- **ANEXO 1: IMPRESO DE MATRICULA**
- **ANEXO 2: FICHA ENTREVISTA INICIAL**
- **ANEXO 3: FICHA OBSERVACIÓN PERÍODO DE ADAPTACIÓN**
- **ANEXO 4: FICHA AVALIACIÓN FINAL**